Prácticas de esbozos de construción:

CA2.2. Seleccionáronse os elementos e os espazos que se vaian representar nos esbozos.

CA2.6. Utilizouse a simboloxía normalizada.

CA2.7. Definíronse adecuadamente as proporcións dos elementos construtivos e/ou dos espazos representados.

CA2.8. Cotáronse os elementos representados con claridade e de acordo coas normas.

CA2.9. Tivéronse en conta as normas de representación gráfica.

Prácticas de esbozos de edificios:

CA2.2. Seleccionáronse os elementos e os espazos que se vaian representar nos esbozos.

Prácticas de esbozos de construción. Vistas e perspectivas:

CA2.4. Seleccionáronse as vistas necesarias e os cortes suficientes para a identificación dos elementos representados.

CA2.10. Definíronse os esbozos coa calidade gráfica suficiente para a súa comprensión.

Unidade didáctica 2: Desenvolvemento de planos de construción.

Mínimos esixibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación.

Arquivos CAD dos planos de arquitectura e de detalle dun proxecto de construción dunha vivenda e os planos do proxecto de obra civil:

CA1.3. Identifícanse os esbozos subministrados para a definición dos planos do proxecto de construción.

CA1.4. Compuxéronse nos planos os debuxos, as lendas, os textos e a información complementaria.

CA1.5. Seleccionouse a escala e o formato apropiados.

CA1.7. Debuxáronse planos de planta, alzado, cortes, seccións e detalles de proxectos de construción, de acordo cos esbozos subministrados e consonte a normativa específica.

CA1.8. Comprobouse a adecuada correspondencia entre todas as vistas, as seccións e os cortes do proxecto.

CA1.9. Tivéronse en conta as normas de representación gráfica.

CA1.10. Incorporáronse as lendas e utilizouse a simboloxía axeitada.

Arquivos CAD dos planos de perfís lonxitudinais, transversais e seccións tipo dun proxecto de obra civil:

CA1.6. Realizáronse os cálculos básicos de superficies e volumes que permitan o dimensionamento correcto dos elementos do plano.

Sistema de arquivo creado en formato dixital para a disposición dos ficheiros nos seus correspondentes cartafóles:

CA2.1. Identificouse o sistema de reprodución e arquivo para cada situación.

CA2.2. Identificouse o sistema de codificación da documentación.

Arquivos PDF da reprodución da documentación gráfica dos planos dos proxectos de construción e do informe de condicionantes iniciais e da normativa aplicable:

CA2.4. Comprobouse a nitidez e a lexibilidade das copias realizadas.

CA2.6. Organizouse e archivouse a documentación gráfica no soporte solicitado.

Unidade didáctica 3: Modelado do proxecto de construción.

Mínimos esixibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación.

Arquivos CAD e en formato PDF dos planos de vistas e perspectivas do modelo 3D de elementos de construción:

CA1.1. Identifícanse as características e os elementos construtivos do proxecto de construción que cumpra representar.

Arquivos CAD e en formato PDF dos planos de vistas e perspectivas do modelo 3D do proxecto de construción:

CA1.2. Seleccionáronse as fotografías e os debuxos máis representativos para a presentación.

CA1.3. Seleccionouse a información básica necesaria (os planos de planta, alzados, seccións e perfís) para a definición das perspectivas, e elaborouse o modelo 3D en correspondencia coa información básica.

CA1.4. Utilizáronse as escalas e os sistemas de representación axeitados á finalidade da presentación.

CA1.5. Utilizouse as cores, as texturas e os sombreamentos que mellor representan os acabamentos que se vaian executar na obra.

CA1.6. Utilizáronse as técnicas e as aplicacións informáticas axeitadas.

CA1.7. Obtivéronse as vistas e as perspectivas máis representativas do proxecto de construción.

CA1.8. Utilizáronse as técnicas de fotocomposición para presentar unha imaxe representativa e atraente do proxecto.

CA1.9. Elaboráronse paneis ou presentacións informáticas baseadas na montaxe da información gráfica e textual do proxecto.

Maqueta dun proxecto de construción:

CA2.1. Identificáronse os tipos de modelos e maquetas.

CA2.2. Seleccionouse o tipo de maqueta que mellor represente as calidades do proxecto.

CA2.3. Fíxose unha análise previa do proceso de construción da maqueta.

CA2.4. Seleccionouse a información básica (os planos de planta, alzados, seccións e perfís) para a definición da maqueta.

CA2.5. Obtivéronse as superficies e os volumes necesarios para a construción da maqueta en función da información básica.

O módulo terá tres avaliacións parciais. Para a obtención da nota de avaliación teranse en conta:

-As actividades programadas nas unidades didácticas desenvolvidas nese período.

-Superar unha proba de carácter teórico práctica, por cada avaliación parcial, sobre os contidos das unidades didáctica desenvolvidas nese período.

Para acadar a nota mínima de aprobado, o alumno terá que ter superadas as actividades e a proba teórico práctica en cada avaliación de acordo cos mínimos esixibles e os criterios de cualificación.

As actividades teñen carácter individual e deberán facerse na aula.

O alumnado deberán traer bolígrafo de tinta azul ou negra, calculadora e instrumentos básicos de debuxo: lapis, goma de borrar, escuadra, cartabón, regra graduada, compás e transportador de ángulos para desenvolver as actividades a realizar sobre taboleiro. Tamén se achegará o material necesario para desenvolver as actividades a realizar por medios informáticos: ordenador e os programas informáticos relacionados.

6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

Se non se superase algunha das partes anteriormente indicadas, formularanse as actividades de recuperación.

O procedemento de recuperación permitirá evidenciar, baseándose nos mínimos esixibles e os criterios de cualificación expresados no apartado anterior, que o alumnado acadou os resultados de aprendizaxe establecidos para o módulo.

O procedemento para a recuperación terá dúas partes:

- Elaborar ou completar as actividades programadas nas unidades didácticas, anteriormente non superadas.
- Superar unha proba de carácter teórico práctica sobre os contidos e actividades das unidades didáctica, anteriormente non superadas.

6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

O alumnado deberán superar unha proba de carácter teórico práctico sobre os contidos e actividades das unidades didácticas do curso que permitirá evidenciar, baseándose nos mínimos esixibles e os criterios de cualificación expresados no apartado 5, que o alumnado acadou os resultados de aprendizaxe establecidos para o módulo. A proba realizarase no mes de xuño, na semana anterior á avaliación final, e terá dúas partes:

A primeira parte da proba cualificarase de cero a dez puntos. Para a súa superación o alumnado deberán obter unha puntuación igual ou superior a cinco puntos.

A segunda parte da proba cualificarase de cero a dez puntos. Para a súa superación o alumnado deberán obter unha puntuación igual ou superior a cinco puntos.

A cualificación final correspondente á proba do módulo profesional será a media aritmética das cualificacións obtidas en cada unha das partes, expresada con números enteiros, redondeada á unidade máis próxima.

Características da proba e instrumentos necesarios para o seu desenvolvemento.

Primeira parte da proba:

Consistirá nunha proba que versará sobre unha mostra suficientemente significativa dos criterios de avaliación establecidos nesta programación para a unidade didáctica 1. Consistirá na resolución de varios exercicios prácticos empregando utensilios de debuxo sobre taboleiro.

Ao inicio da sesión repartiranse as follas co contido da proba. Nesas mesmas follas deberase responder ás preguntas formuladas.

O alumnado deberá traer bolígrafo de tinta azul ou negra, calculadora e instrumentos básicos de debuxo: lapis, goma de borrar, escuadra, cartabón, regra graduada, compás e transportador de ángulos.

Segunda parte da proba:

Consistirá no desenvolvemento de varios supostos prácticos que versarán sobre unha mostra suficientemente significativa dos criterios de avaliación establecidos nesta programación nas unidades didácticas 2 e 3.

Ao inicio da sesión repartiranse as follas co contido da proba. Tamén se achegará material necesario para resolver exercicios prácticos: ordenador e programas informáticos de CAD.

A proba de avaliación extraordinaria previa á avaliación final de módulos farase no mes de xuño, en horario de clase e na aula asignada para o módulo.

7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

A análise e corrección das actividades dos alumnos farase logo do seu remate nas sucesivas fases do mesmo para informarles, nas seguintes sesións, dos resultados e da posibilidade de mellorar e de facerles ver que os seus traballos son analizados e valorados polo profesor. Do resultado desa valoración tomaranse as decisións axeitadas para o mellor aproveitamento das clases polos alumnos que poderá ser un axuste pedagóxico, no seu caso, ou a continuación coa programación deseñada.

8. Medidas de atención á diversidade

8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

Elaboración da ficha do alumnado na que se recollen datos persoais, académicos, familiares, médicos, afeccións e observacións por parte do alumnado que poidan afectar ó seguimento e desenvolvemento das actividades do curso por parte de cada alumno/a.

8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

Do resultado da valoración das actividades realizadas tomaranse as decisións axeitadas para o mellor aproveitamento das clases polos alumnos que poderá ser a elaboración de actividades de reforzo sobre algúns contidos, o no seu caso, ou a continuación coa programación deseñada.

9. Aspectos transversais

9.a) Programación da educación en valores

Exercer os dereitos e cumprir as obrigas derivadas da súa actividade profesional, de acordo co establecido na lexislación, participado activamente na vida económica, social e cultural.
Ética profesional.
Cumprimento dos horarios, datas de entrega dos traballos, normas de convivencia do centro.

9.b) Actividades complementarias e extraescolares

Non haberá actividades complementarias e extraescolares para este módulo.



1. Identificación da programación
Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15027058	As Fontiñas	Santiago de Compostela	2023/2024

Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
EOC	Edificación e obra civil	CSEOC02	Proxectos de obra civil	Ciclos formativos de grao superior	Réxime xeral-ordinario

Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP0564	Medicións e valoracións de construción	2023/2024	5	87	104

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	ANTONIO JOSÉ PENA REY, NURIA ARAÚJO DOS RAMOS (Subst.)
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión inspector

2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

Contorno profesional e de traballo.

Esta figura exercerá a súa actividade no sector da construción nas áreas de Proxecto e Produción.

Os principais subsectores nos que pode desenvolver a súa actividade son:

- Edificación: edificios industriais, edificios comerciais e de servizos, edificios singulares, vivendas e rehabilitación.
- Obra Civil: aeroportos, estradas, obras marítimas, obras subterráneas, ferrocarrís, conducións lineais e obras especiais.
- Noutras actividades ou sectores produtivos onde se realicen proxectos relacionados directa ou indirectamente coa construción (urbanismo, primeiras extraccións, construcións metálicas, tendido de liñas eléctricas, decoración, etc.).

En xeral, exercerá a súa actividade en estudos de arquitectura, enxeñería, urbanismo ou decoración; grandes, medianas e pequenas empresas construtoras; organismos públicos locais, autonómicos ou estatais; e, eventualmente, de forma autónoma.

a. Contorno funcional e tecnolóxico

Esta figura profesional sitúase fundamentalmente nas funcións/subfuncións de proxecto / deseño - cálculo - medicións e presupostos / apoio técnico -control e seguimento. As técnicas e coñecementos tecnolóxicos abarcan os campos da realización de proxectos e da planificación. Encóntranse ligadas directamente a:

- Proceso de deseño: conxunto de equipos para procesado da información, representación, dimensionado e avaliación de custos e técnicas para a súa realización.
- Proceso de produción: conxunto de equipos para procesado da información, representación e gráficos de produción e técnicas de materialización.
- Coñecemento de sistemas de representación, normalización, resistencia de materiais, mecánica de fluídos, materiais de construción, tecnoloxía da construción e programación e planificación.

b. Ocupacións, postos de traballo tipo máis relevantes:

Con fins de orientación profesional enuméranse a continuación as ocupacións e postos de traballo que poderían ser desempeñados adquirindo a competencia profesional definida no perfil do título:

Proxectista de edificación, proxectista de obras públicas, proxectista de instalacións, proxectista calculista, axudante de obra, axudante de planificación, técnico en organización, axudante de organización, etc.

As actividades profesionais asociadas a este MODULO aplícanse en:

- Realización das medicións dun proxecto de construción e obra civil mediante o coñecemento das unidades de obra que se poden empregar, a elaboración dos prezos asociados ás unidades de obra e o uso da documentación do proxecto.
- Elaboración dos orzamentos dun proxecto de construción e obra civil articulados nos capítulos correspondentes.
- Control documental relativo ao aspecto económico do proxecto de construción e de obra civil, así como o seguimento dos custos do proxecto considerado.

3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)
1	O PROXECTO. DOCUMENTO MEDICIONS E ORZAMENTO	O PROXECTO. DOCUMENTO MEDICIONS E ORZAMENTO	5	5
2	CONFECCION DE PREZOS	CONFECCION DE PREZOS DE UNIDADES DE OBRA	16	16
3	MEDICION DE UDS. DE OBRA	MEDICION DE UDS. DE OBRA	23	22
4	ELABORACION DE ORZAMENTOS DE TRABALLOS DE CONSTRUCCION	ELABORACION DE ORZAMENTOS DE TRABALLOS DE CONSTRUCCION	20	19
5	CONTROL DE CUSTOS EN CONSTRUCCION	CONTROL DE CUSTOS EN CONSTRUCCION	17	16
6	PROCESOS AUTOMATIZADOS NA REALIZACION DE MEDICIONS, ORZAMENTOS CONTROL DE CUSTOS	REALIZACIÓN DE MEDICIONS, ORZAMENTOS E PROCESOS DE CONTROL DE CUSTOS CON PROGRAMAS INFORMÁTICOS	23	22

4. Por cada unidade didáctica
4.1.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
1	O PROXECTO. DOCUMENTO MEDICIONS E ORZAMENTO	5

4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Elabora listaxes de unidades de obra, analizando proxectos de construción, e organiza a información obtida en capítulos.	SI

4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Realízouse unha análise xeral da documentación do proxecto.

Criterios de avaliación
CA1.2 Identifícaronse os capítulos do proxecto segundo os planos e a memoria.
CA1.3 Realizouse a listaxe de capítulos cunha secuencia lóxica.
CA1.4 Definiuse completamente e con claridade cada unidade de obra tendo en conta os materiais, o proceso construtivo, e os criterios e as normas de medición axeitados.
CA1.5 Identifícaronse as unidades de obra ou partidas alzadas que constitúen os capítulos do proxecto.
CA1.6 Ordenáronse as unidades de obra, seguindo a orde de execución dos traballos.
CA1.7 Relacionáronse as cantidades de cada unidade de obra ou partidas alzadas que se vaian empregar no proxecto.
CA1.8 Utilizáronse bases de datos normalizadas para a obtención das unidades de obra ou partidas alzadas.

4.1.e) Contidos

Contidos
Documentos dun proxecto: relación entre eles.
Descrición da estrutura do proxecto e a súa distribución en capítulos de obra de natureza diferente.
Definición de unidades de obra e partidas alzadas, así como das súas unidades de medición correspondentes.
Consideración das fontes documentais ou bases de datos en que se especifican as unidades de obra.
Análise de proxectos de construción.
Organización da información. Elaboración de listaxes de capítulos. Redacción de unidades de obra.
Descomposición de orzamentos por capítulos.
Determinación de capítulos do orzamento. Selección das unidades de obra. Incorporación das medicións. Carga coa interface gráfica.

4.2.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
2	CONFECCION DE PREZOS	16

4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Confecciona cadros de prezos de unidades de obra, e selecciona recursos e rendementos.	SI

4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.1 Realizouse o cálculo dos rendementos do persoal.
CA2.2 Realizouse o cálculo dos rendementos da maquinaria empregada.
CA2.3 Obtivéronse os prezos dos materiais empregados nas unidades de obra.
CA2.4 Obtivéronse as táboas salariais que determinan os custos de persoal.
CA2.5 Obtivéronse os custos horarios de uso da maquinaria.
CA2.6 Calculáronse os custos directos.
CA2.7 Calculáronse os custos indirectos.
CA2.8 Calculouse o prezo descomposto e o unitario da unidade de obra combinado adecuadamente os custos directos e indirectos.
CA2.9 Calculouse o prezo das partidas alzadas.
CA2.10 Elaboráronse os cadros de prezos

4.2.e) Contidos

Contidos
Definición dos tipos de prezos.
Cadro de prezos de materiais, de prezos de xornais e transporte, e de prezos de unidades de obra.

Contidos
Prezo descomposto.
Estrutura de custos: custos directos (man de obra, materiais e maquinaria), complementarios e indirectos (man de obra, medios auxiliares, instalacións e construcións a pé de obra, e persoal técnico e administrativo).
Repercusión dos custos directos e indirectos na valoración das unidades de obra.
Modos de confección de cadro de prezos. Criterios para a redacción de partidas alzadas.

4.3.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
3	MEDICION DE UDS. DE OBRA	23

4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Realiza medicións de unidades de obra aplicando criterios e calculando cantidades, e reflicte o seu resultado en documentos normalizados.	SI

4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA3.1 Establecéronse os criterios de medición de xeito inequívoco.
CA3.2 Axustáronse os criterios de medición ás unidades de obra medidas.
CA3.3 Seleccionouse a documentación gráfica relacionada coas medicións que se pretenda realizar.
CA3.4 Empregáronse os aparellos de medida, os utensilios e os medios necesarios.
CA3.5 Medíronse os elementos identificados que interveñen na medición utilizando a escala especificada nos planos e tendo en conta os criterios de medición establecidos.
CA3.6 Realizáronse os cálculos necesarios para determinar as cantidades parciais e totais.
CA3.7 Reflectíronse as medicións realizadas no documento seleccionado coa precisión adecuada ao destino final destas.

Criterios de avaliación

CA3.8 Comprobase que a unidade de medida especificada coincide coa establecida nos criterios de medición e/ou coa redacción da unidade de obra correspondente.

4.3.e) Contidos
Contidos

Definición de medición de obras.

Proceso de medición: medición en obra e sobre plano.

Criterios de medición: normativa aplicable.

Unidades de medida: precisión requirida.

Medición por partida alzada.

Procedementos de cálculo das medicións.

Formatos para a elaboración das medicións: aplicación.

Follas de cálculo: aplicación.

4.4.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
4	ELABORACION DE ORZAMENTOS DE TRABALLOS DE CONSTRUCCION	20

4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA4 - Elabora orzamentos de traballos de construción, tendo en conta a relación entre a medición de unidades de obra e o prezo correspondente.	SI

4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA4.1 Definiuse o tipo de orzamento que cumpra elaborar.
CA4.2 Establecéronse os capítulos en que se vaia dividir o orzamento cunha secuencia lóxica.
CA4.3 Enumerouse correctamente a listaxe de capítulos.
CA4.4 Descríbironse as unidades de obra con claridade.
CA4.5 Ordenáronse as unidades de obra seguindo unha orde de execución dos traballos.
CA4.6 Obtivéronse as medicións das unidades de obra dos capítulos.
CA4.7 Obtivéronse os prezos unitarios das unidades de obra dos capítulos.
CA4.8 Combinouse a medición e o prezo unitario para cada unidade de obra incluída na súa partida correspondente.
CA4.9 Realizouse o orzamento por cada capítulo.
CA4.10 Realizouse o orzamento total considerando os gastos xerais.
CA4.11 Aplicáronse os impostos vixentes.
CA4.12 Redactouse o anexo de xustificación de prezos.

4.4.e) Contidos

Contidos
Definición de orzamentos.
Tipoloxía de orzamentos: de execución material, de execución por contrato, de licitación e de adjudicación. Descrición e criterios de elaboración.
Anexo de xustificación de prezos : descrición e criterios de elaboración.

Contidos
Descomposición de orzamentos por capítulos.
Orzamento total: incorporación de gastos xerais e impostos.

4.5.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
5	CONTROL DE CUSTOS EN CONSTRUCCION	17

4.5.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA5 - Realiza controis de custos elaborando estudos comparativos de ofertas, certificacións e documentación técnica.	SI

4.5.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA5.1 Compleouse a información de capítulos e partidas aplicando o sistema de codificación establecido.
CA5.2 Xerouse un orzamento de partida (estimación inicial de custos).
CA5.3 Distribuíronse en lotes as unidades do orzamento.
CA5.4 Determinouse o alcance económico dos lotes formulados.
CA5.5 Preparouse a documentación destinada aos subministradores, ao contratista e aos subcontratistas para a petición de ofertas (concurso).
CA5.6 Comprobouse que a información subministrada polos provedores sexa homoxénea, que non conteña erros nin omisións, e que permita a comparación das ofertas.
CA5.7 Avaliáronse as ofertas recibidas realizando estudos comparativos.
CA5.8 Redactáronse as certificacións para a súa emisión e a súa facturación, axustando as relacións valoradas ás medicións aprobadas polo responsable do proxecto e ás cláusulas establecidas.

Criterios de avaliación
CA5.9 Realizouse o seguimento e a actualización dos custos derivados dos cambios do proxecto axustados ás cláusulas do contrato.
CA5.10 Xustificáronse as propostas de cambio elaboradas, cunha valoración económica do seu alcance.
CA5.11 Elaboráronse e procesáronse as follas de custos que reflectan os estados de contratación, cambios e certificación.
CA5.12 Emitíronse os informes periódicos do estado de custos do proxecto total.

4.5.e) Contidos

Contidos
Estimación de custos: subministradores, subcontratacións, ofertas e concursos. Agrupación dos materiais necesarios en lotes de contratación. Documentación para a contratación. Prego de prescricións técnicas de materiais. Procedementos para a avaliación de ofertas. Certificacións: definición, tipos e características. Documentación para a actualización de custos. Documentación para o control de custos: estados de contratación, cambios e certificacións. Análise de custos. Elaboración de informes periódicos.

4.6.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
6	PROCESOS AUTOMATIZADOS NA REALIZACION DE MEDICIONS, ORZAMENTOS CONTROL DE CUSTOS	23

4.6.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA6 - Confecciona medicións, orzamentos e procesos de control de custos empregando ferramentas informáticas específicas.	SI

4.6.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA6.1 Definíronse os datos xerais da obra que se vaia orzar.
CA6.2 Importáronse as bases de datos que conteñan os prezos das unidades de obra.
CA6.3 Seleccionáronse os capítulos e ordenáronse por orde cronolóxica.
CA6.4 Seleccionáronse as unidades de obra e incluíronse nos capítulos correspondentes.
CA6.5 Detalláronse as unidades de obra a través da súa designación.
CA6.6 Realizáronse as medicións das unidades de obra seguindo unha orde, e localizáronse para facilitar a súa lectura e evitar omisións.
CA6.7 Obtivéronse os prezos unitarios correspondentes a cada unidade de obra.
CA6.8 Aplicouse o prezo unitario correspondente a cada unha das cantidades medidas.
CA6.9 Realizouse o orzamento de execución material.
CA6.10 Obtívose o orzamento de contrata.
CA6.11 Completouse o proceso de control de custos.
CA6.12 Redactouse o anexo de xustificación de prezos.

4.6.e) Contidos

Contidos
Procesos automatizados para a elaboración de orzamentos.
Ferramentas informáticas de propósito xeral (follas de cálculo e bases de datos) e aplicacións específicas para a construción. Instalación dos programas. Obtención e incorporación de bases de prezos.
Documentación relativa aos traballos de elaboración de orzamentos.

Contidos

Determinación de capítulos do orzamento. Selección das unidades de obra. Incorporación das medicións. Carga coa interface gráfica.

Confección do documento final do orzamento.

Parámetros para a xeración da documentación de control de custos.

Integración entre programas de deseño, medicións e estimación de custos.

5. Mínimos exigibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación**1. Mínimos exigibles**

Os mínimos esixibles para acadar a avaliación positiva serán.

- Realizouse o análisis adecuado da documentación e planos do proxecto.
- Realizouse a listaxe de capítulos cunha secuencia lóxica.
- Definiuse completamente e con claridade cada unidade de obra tendo en conta os materiais, o proceso construtivo, e os criterios e as normas de medición axeitados.
- Obtivéronse rendementos e calculáronse prezos descompostos e unitarios das unidades de obra combinado adecuadamente os custos directos e indirectos.
- Obtivéronse as medicións das unidades de obra dos capítulos, os prezos unitarios das unidades de obra, combinouse a medición e o prezo unitario.
- Realizouse o orzamento por capítulos, orzamento total, considerando gasto xerais, benéfico industrial e impostos.
- Listáronse anexos man de obra, materiais, xustificación de prezos, prezos auxiliares.
- Redactáronse as certificacións para a súa emisión e a súa facturación.
- Ca axuda do programa informático utilizado no curso, elaborouse medición e presuposto, definindo datos de obra, seleccionáronse os capítulos e as unidades de obra correspondentes, realizáronse as medicións das unidades de obra, prezos unitarios das mesmas.
- Ca axuda do mesmo programa realizouse o orzamento de execución material, obtívose o orzamento de contrata, redactouse o anexo de xustificación de prezos auxiliares e descompostos.

2. Procedementos de avaliación

A avaliación será continua e formativa e afectará tanto ao traballo do alumnado, como á propia programación e ao profesor. Requirirá a asistencia regular do alumnado ás clases e demais actividades programadas (non perder máis dun 10% de horas do módulo).

3. Instrumentos de avaliación

Os instrumentos de avaliación do alumnado a empregar no módulo serán os seguintes:

- A observación directa do traballo do alumno no aula, onde o profesor ou profesora irá observando e rexistrando resultados de cada alumno en aspectos como:

- Participación e aporte de ideas na fase expositiva do profesor ou profesora.
- Grado da comprensión dos contidos de cada sesión.
- Aplicación dos mesmos á actividade práctica.
- Uso e manexo dá documentación facilitada.
- Resposta do alumno ás distintas propostas que o profesor indique como traballos a realizar fora da aula.
- Avance do traballo do alumno desde a revisión anterior.
- Calidade gráfica e resolución satisfactoria das propostas.
- Interese no diálogo con profesor/a.
- Dedicación ao traballo.
- Valoraranse tamén as entregas que ao longo do curso se produzan de traballos e exercicios concretos, facendo fincapé en aspectos relacionados cos propios contidos, a súa organización e calidade de presentación así como valorando a puntualidad da entrega.
- Realizaranse probas escritas de carácter teórico-práctico no aula relativas aos contidos dos distintos temas tratados en clase

Estes instrumentos concretos de avaliación deben permitir recoller e analizar os datos precisos para evaluar a progresión do alumnado nas capacidades expresadas nos obxectivos de aprendizaxe, de acordo cos indicadores expresados anteriormente.

4. Criterios de cualificación

As cualificacións do alumnado levaranse a cabo unha vez cada trimestre e nas datas que estableza xefatura de estudos

A cualificación da avaliación será un valor numérico sen decimales entre 1 e 10.

Para aprobar, o alumnado ten que obter unha cualificación igual ou superior a 5

Os traballos presentados fóra de prazo sen xustificación só conseguirán a cualificación de 5, en caso de merecela. Defenderanse os traballos que o profesor ou profesora estime necesario.

O 10% da nota dependerá da asistencia, actitude e interese, tendo en conta que un 10% das faltas de asistencia supón a perda de dereito á avaliación continúa, pola que nestes casos o alumnado será evaluado e cualificado nunha proba extraordinaria a finais de curso.

O outro 90% da nota procederá da media do exame teórico e os traballos prácticos (sacando como mínimo uno cinco en cada un deles para poder realizar a media), estes valorados sobre 10 e multiplicados por 0,9 (90%). Sendo a nota final a suma das dúas porcentaxes (tendo en conta que como mínimo ha de obterse a media dun cinco nos exames teóricos e nos traballos prácticos, para poder avaliar a asistencia, actitude e interese).

Para a cualificación teranse en conta, como mínimo, os seguintes aspectos:

- . Coñecementos teórico - prácticos.
- . Traballos e exercicios realizados.
- . Participación e relación no contorno de traballo.
- . Mantemento e cumprimento das normas de orde e seguridade e hixiene.

. Puntualidad e asistencia a clase.

- Cualificarase negativamente a coincidencia de resultados entre dous ou máis alumnos cando se trate de propostas de traballos que requiran solucións individuais e diferentes.

6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

O alumnado que non consigan a avaliación positiva no proceso ordinario de ensino-aprendizaxe levarán a cabo actividades de recuperación daqueles aspectos que non resolveron satisfactoriamente ao final do terceiro trimestre do curso, no período contemplado ao efecto no calendario do Centro. Elaborarase un plan de recuperación individualizado para cada alumno, incidindo naqueles aspectos nos que o alumno ou alumna non alcance os mínimos exixibles. O plan constará tanto de traballos propostos polo profesor como de probas escritas teórico-prácticas.

6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

Conforme se determina no artigo 25 da Orde de 12 de xullo de 2011, o número de faltas que implica a perda do dereito á avaliación continua nun determinado módulo será do 10 % respecto da súa duración total ou sexa, no presente módulo serían 16 sesións. O alumnado que perda o dereito á avaliación continua terá dereito a unha proba final extraordinaria previa á avaliación de módulos correspondente e con arranxo á data marcada pola Xefatura de Estudos. A cualificación obtida en a devandita proba consignarase na avaliación final de módulos do curso correspondente. Devandito alumnado non terá dereito a realizar para eses módulos as correspondentes actividades de recuperación ás que se refiren os artigos 29.3, 31.4 e 34.3 da Orde de 12 de xullo de 2011. Nesta proba, o alumnado terá que demostrar que posúe os coñecementos mínimos exixibles de cada un dos bloques de contidos desta programación.

Esta proba constará de dous partes:

- 1ª parte: proba teórica que versará sobre os contidos de cada unha das unidades formativas do currículo do módulo.
- 2ª parte: proba práctica na que se levará a cabo exercicios gráficos e/ou de cálculo realizados polo alumnado en cada trimestre.

Nota: a primeira parte da proba celebrarase nun único día. A segunda parte poderá durar máis dun día. Aquel alumnado que non supere a primeira parte da proba cunha nota maior ou igual que 5, non poderá realizar a segunda parte que tamén deberá superar cunha nota maior ou igual a 5. O módulo considerarase aprobado cando en ambas probas supérese a nota de 5

7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

Para o seguimento da programación e a evolución da propia práctica docente empregaranse os seguintes instrumentos:

- . Diario de clase do profesor, onde se anotarán actividades realizadas polo profesor e alumnos co fin de ir contrastando coa programación
- . Realizarase un seguimento mensual da programación, co fin de efectuar os axustes oportunos para que poida ser impartida toda a materia programada.

No caso de que fose preciso adoptaranse as medidas correctoras necesarias segundo o grado de cumprimento ou as desviacións producidas.

Os resultados serán expostos nas reunións mensuales do Equipo Docente que serán convocadas a tal fin e teranse en conta de face á elaboración da programación do curso seguinte.

8. Medidas de atención á diversidade

8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

Solicitarase información sobre:

- Informes individualizados
- Estudos académicos realizados
- Alumnado con proba de acceso
- Informes e dictames de alumnado con discapacidade ou NEE
- Experiencia profesional previa
- Matrícula condicional de alumnado estranxeiro
- Alumnado con convalidacións/exencións (solicitadas, concedidas ou en trámite)
- Observación directa do profesor ao alumno nas primeiras semanas de clase

En base a toda esta información tomaranse os acordos pertinentes, especialmente aqueles que teñan que ver con aspectos de flexibilización modular na duración dos ensinos

8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

Respecto de os alumnos con necesidades educativas especiais e, dado que na Formación Profesional específica non é posible realizar

adaptacións significativas ao impartirse contidos básicos para o exercicio dunha profesión, só será posible adaptar a metodoloxía, os recursos e os instrumentos de avaliación, nunca as capacidades nin os contidos.

As adaptacións irán, pois, encamiñadas a alumnos con algún tipo de deficiencia motórica, psíquica ou sensorial. Nestes casos pódese adaptar o acceso ao currículo desde os puntos de vista mencionados, podendo

chegar a que estas adaptacións curriculares sexan significativas. En todo caso débense adoptar cantas medidas fosen necesarias para atender as necesidades específicas de apoio educativo que poidan presentarse entre os estudantes do Ciclo, de maneira que alcancen as capacidades requiridas no módulo profesional.

Con carácter xeral, deseñaranse actividades de apoio ou reforzo individualizadas para incidir naqueles obxectivos non logrados por alumnos con maior dificultade de aprendizaxe, á vez que se propoñerán actividades de consolidación de coñecementos para todo o grupo.

9. Aspectos transversais

9.a) Programación da educación en valores

Atenderase ao disposto no Plan de Convivencia e o Regulamento de Réxime Interno do Centro.

9.b) Actividades complementarias e extraescolares

As actividades complementarias son aquelas que se realizan co alumnado en horario lectivo e que teñen carácter diferenciado polo momento, espazo ou recursos que utilizan.

As actividades extraescolares son aquelas que, sendo organizadas polo centro e figurando na programación xeral anual, aprobada polo Consello Social, si realizan fóra do horario lectivo e nas que a participación do alumnado é voluntaria.

Consideramos que as actividades complementarias e extraescolares son outro dos baremos que mide a calidade educativa, polos que debemos fomentarlas e procuramos unha participación importante do alumnado nas mesmas.

As visitas técnicas deben de estar conectadas coas actividades de ensino-aprendizaxe desenvolvidas no centro educativo, co fin de fomentar a relación co contorno produtivo e actuar como reforzo dun conxunto coherente de tarefas realizadas no aula, por iso, en calquera caso, estas visitas deben de ter obxectivos concretos e programados e deben organizarse dun xeito que non impliquen unha ruptura co proceso xeral de ensino-aprendizaxe do ciclo. A visita técnica debe procurar un achegamento á realidade profesional á que está vinculada a competencia profesional do título.

Contémplanse:

- Visitas a obras e empresas.
- Visitas a feiras profesionais do sector.
- Asistencia a charlas, conferencias e actos relacionados con calquera dos contidos do currículo.
- Presentacións no instituto por parte de empresas.

ADAPTACIÓN Á SITUACIÓN ACTUAL (PROTOCOLO COVID):

Serán programadas e coordinadas dende o Departamento de Edificación e Obra Civil.



Debido ao protocolo COVID, este curso suspéndense as actividades extraescolares que requiran saída en transporte público. só se realizaran actividades no centro educativo. Fóra deste recinto poderanse realizar saídas ás ontornas próximas co grupo de cada clase, sempre que se poidan cumprir todas as medidas de seguridade establecidas polo protocolo mencionado.

Por outra parte tamén se pode contemplar a posibilidade de conexión do alumnado a determinadas conferencias que se realicen no centro educativo e que poidan transmitirse en liña.

10.Outros apartados

10.1) TEAMS

ADAPTACIÓN Á SITUACIÓN ACTUAL (COVID-19):

Uso da plataforma TEAMS no caso de que houvera unha circunstancia de alerta sanitaria que requerira algún tipo de comunicación online.

En previsión de tal situación, durante o curso faranse correccións de traballos a través de dita plataforma. Será de forma individualizada e fóra de horas do horario lectivo, tendo como finalidade que cada alumno ou alumna estea familiarizado coa ferramenta TEAMS. Esta práctica permitirá avaliar tamén o grao de conexión de cada alumno ou alumna así coma a súa capacidade para aprender a través desta canle de comunicación.

1. Identificación da programación
Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15027058	As Fontiñas	Santiago de Compostela	2023/2024

Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
EOC	Edificación e obra civil	CSEOC02	Proxectos de obra civil	Ciclos formativos de grao superior	Réxime xeral-ordinario

Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP0565	Implantacións de construción	2023/2024	5	133	159
MP0565_12	Recursos, métodos e técnicas de implantación	2023/2024	5	53	63
MP0565_22	Traballos de implantación de obra	2023/2024	5	80	96

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	ANTONIO JOSÉ PENA REY, NURIA ARAÚJO DOS RAMOS (Subst.)
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión inspector



2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

Contorno profesional e de traballo.

Esta figura exercerá a súa actividade no sector da construción nas áreas de Proxecto e Produción.

Os principais subsectores nos que pode desenvolver a súa actividade son:

- Edificación: edificios industriais, edificios comerciais e de servizos, edificios singulares, vivendas e rehabilitación.
- Obra Civil: aeroportos, estradas, obras marítimas, obras subterráneas, ferrocarrís, conducións lineais e obras especiais.
- Noutras actividades ou sectores produtivos onde se realicen proxectos relacionados directa ou indirectamente coa construción (urbanismo, primeiras extraccións, construcións metálicas, tendido de liñas eléctricas, decoración, etc.).

En xeral, exercerá a súa actividade en estudos de arquitectura, enxeñería, urbanismo ou decoración; grandes, medianas e pequenas empresas construtoras; organismos públicos locais, autonómicos ou estatais; e, eventualmente, de forma autónoma.

a. Contorno funcional e tecnolóxico

Esta figura profesional sitúase fundamentalmente nas funcións/subfuncións de proxecto / deseño - cálculo - medicións e presupostos / apoio técnico -control e seguimento.

As técnicas e coñecementos tecnolóxicos abarcan os campos da realización de proxectos e da planificación. Encóntranse ligadas directamente a:

- Proceso de deseño: conxunto de equipos para procesado da información, representación, dimensionado e avaliación de custos e técnicas para a súa realización.
- Proceso de produción: conxunto de equipos para procesado da información, representación e gráficos de produción e técnicas de materialización.
- Coñecemento de sistemas de representación, normalización, resistencia de materiais, mecánica de fluídos, materiais de construción, tecnoloxía da construción e programación e planificación.

b. Ocupacións, postos de traballo tipo máis relevantes:

Con fins de orientación profesional enuméranse a continuación as ocupacións e postos de traballo que poderían ser desempeñados adquirindo a competencia profesional definida no perfil do título:

Proxectista de edificación, proxectista de obras públicas, proxectista de instalacións, proxectista calculista, axudante de obra, axudante de planificación, técnico en organización, axudante de organización, etc.

3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)
1	Sistema de planos acotados	Sistema de representación utilizado en Topografía e no debuxo topográfico.	20	13
2	Fundamentos da topografía	Ciencia que estuda o conxunto de principios e procedementos que teñen por obxecto a representación gráfica da superficie da Terra.	13	8
3	Planificación da implantación	Técnicas e métodos do trazado de aliñacións e curvas.	10	6
4	Instrumentos e traballos de campo	Tipos de instrumentos e aparatos utilizados en topografía e utilización dos mesmos.	20	13
5	Implantación planimétrica	Implantación en planta	48	30
6	Implantación altimétrica	Implantación en 3D	48	30

4. Por cada unidade didáctica
4.1.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
1	Sistema de planos acotados	20

4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA4 - Completa a información técnica para a implantación, incorporando aos esbozos, aos planos e á planificación o resultado do cálculo de coordenadas, distancias, ángulos, cotas, inclinacións e outros parámetros complementarios.	SI

4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA4.1 Seleccionáronse os utensilios, os soportes, os medios e os materiais necesarios para realizar os cálculos.
CA4.2 Determináronse os puntos e os elementos necesarios dos esbozos e dos planos de implantación.

Criterios de avaliación
CA4.3 Seleccionouse o método de cálculo en función dos datos que se desexe obter.
CA4.4 Realizáronse as operacións necesarias coa precisión requirida.
CA4.5 Obtivéronse coa precisión requirida coordenadas, distancias, ángulos, cotas, inclinacións e outros parámetros.
CA4.6 Establecéronse os posibles erros na obtención dos datos anteriores, en función do traballo que se vaia realizar e da precisión dos equipamentos.
CA4.7 Compensáronse, de ser o caso, os erros obtidos e obtivéronse os datos definitivos.
CA4.8 Incorporáronse aos esbozos, aos planos de implantación e á planificación os datos necesarios para completar a súa elaboración.
CA4.9 Utilizáronse as TIC nos cálculos necesarios.

4.1.e) Contidos

Contidos
<p>Elementos xeométricos: características e problemas fundamentais. Trazado.</p> <p>Segmentos. Semirrectas e rectas. Ángulos. Polígonos.</p> <p>Circunferencias: enlaces e tanxencias.</p> <p>Curvas de transición.</p> <p>Realización de operacións e cálculos de implantación.</p> <p>Realización de operacións e cálculos específicos de implantación planimétrica e altimétrica de terreos e construcións.</p> <p>Aplicación de programas informáticos de cálculos de implantación. Modelo dixital do terreo. Definición xeométrica. Cálculo dos elementos de implantación. Importación e exportación de dato. Saída gráfica.</p>

4.2.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
2	Fundamentos da topografía	13

4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Compila información para realizar esbozos e planos de implantación, seleccionando os datos salientables obtidos a partir da análise da documentación de proxecto, do estudo do terreo e da situación da obra.	SI

4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Identifícaronse na documentación técnica as especificacións e os datos necesarios.
CA1.2 Estudouse o terreo ou a obra obxecto de implantación e os seus arredores.
- Adaptarse ás novas situacións laborais, mantendo actualizados os coñecementos científicos, técnicos e tecnolóxicos relativos ao seu ámbito profesional, xestionando a súa formación e os recursos existentes na aprendizaxe ao longo da vida, e utilizando as tecnoloxías da información e da comunicación.
- Resolver situacións, problemas ou continxencias con iniciativa e autonomía no ámbito da súa competencia, con creatividade, innovación e espírito de mellora no traballo persoal e no dos membros do equipo.
- Comunicarse con iguais, superiores, clientela e persoas baixo a súa responsabilidade, utilizando vías eficaces de comunicación, transmitindo a información e os coñecementos adecuados, e respectando a autonomía e a competencia das persoas que interveñen no ámbito do seu traballo.
- Xerar ámbitos seguros no desenvolvemento do seu traballo e no do seu equipo, supervisando e aplicando os procedementos de prevención de riscos laborais e ambientais de acordo co establecido pola normativa e os obxectivos da empresa.
- Supervisar e aplicar procedementos de xestión de calidade e de accesibilidade e deseño universais nas actividades profesionais incluídas nos procesos de produción ou prestación de servizos.

As liñas de actuación no proceso de ensino e aprendizaxe que permiten alcanzar os obxectivos do módulo han versar sobre:

- Elaboración de propostas de trazado de estradas en relación coa definición do eixe en planta, a rasante no perfil lonxitudinal e as características das seccións tipo da plataforma.
- Elaboración de propostas de plans urbanísticos que desenvolvan o planeamento xeral municipal.
- Elaboración de propostas de proxectos de urbanización que desenvolvan plans urbanísticos.
- Descrición das características e dos procesos de execución de distintas tipoloxías de proxectos de obra civil.
- Documentación gráfica e escrita necesaria para desenvolver proxectos de edificación, con establecemento do seu contido e das características en cada fase.

3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)
1	Introdución ao Urbanismo e a os Sistemas de Información Xeográfica (GIS)	Conceptos básicos de urbanismo, historia, e introducción a QGIS	25	15

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)
2	planeamento urbanístico	Conceptos xerais de planeamento urbanístico.	25	15
3	proxectos urbanísticos e de obra civil	Documentación de proxectos urbanísticos e de obra civil e tipos de proxectos de obra civil.	20	15
4	Trazado de estradas	Trazado de estradas	30	19
5	construcción de estradas	construcción de estradas	29	17
6	vías urbanas e espazos públicos	Elaboración de propostas de proxectos de urbanización	30	19

4. Por cada unidade didáctica

4.1.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
1	Introdución ao Urbanismo e a os Sistemas de Información Xeográfica(GIS)	25

4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Recoñece as determinacións establecidas en plans urbanísticos, identificando os criterios e as prescricións do planeamento superior que desenvolve.	NO

4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.8 Identifícanse os factores determinantes dos asentamentos.
CA1.9 Identifícanse os elementos da morfoloxía urbana e as tramas urbanas.
OCA1.10 Identifícanse os tipos de actividades urbanas e os sectores.
CA1.11 Identifícanse as tipoloxías edificatorias.
CA1.12 Identifícanse os usos da edificación.

4.1.e) Contidos

Contidos
Factores determinantes dos asentamentos.
Elementos de morfoloxía urbana. Tramas urbanas.
Tipos de actividades urbanas. Sectores.
Tipoloxías edificatorias.
Usos da edificación.

4.2.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
2	planeamento urbanístico	25

4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Recoñece as determinacións establecidas en plans urbanísticos, identificando os criterios e as prescricións do planeamento superior que desenvolve.	NO

4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Identifícanse os ámbitos de actuación e as atribucións das figuras do planeamento urbanístico vixente.
CA1.2 Compilouse a información salientable sobre a clasificación do solo en relación co planeamento xeral e a lexislación.
CA1.3 Identifícase no planeamento xeral a distribución de usos e zonificacións, as afectacións para sistemas xerais e os espazos de interese que cumpra conservar.
CA1.4 Elaboráronse propostas de plans urbanísticos relativas á clasificación do solo, regulación de usos, edificabilidade e parámetros reguladores da edificación e o contorno.
CA1.5 Elaboráronse propostas alternativas de aliñamentos e rasantes do sistema viario e de distribución de espazos públicos en plans urbanísticos, mantendo a proporción establecida entre dominio público e privado.

Criterios de avaliación

CA1.6 Elaboráronse propostas ou axustes de reparcelacións segundo o coeficiente de aproveitamento establecido e o procedemento de actuación adoptado.

CA1.7 Identifícaronse as medidas de protección do solo non urbanizable establecidas no planeamento xeral.

4.2.e) Contidos**Contidos**

0Sistemas de xestión urbanística. Distribución equitativa de cargas e beneficios. Áreas de repartición.

Esquemas viarios: tipoloxías, criterios de deseño, ligazón ao sistema xeral e afectacións.

Proxectos de reparcelación: coeficientes de aproveitamento.

Sistemas de actuación urbanística: cooperación, compensación, concerto, expropiación e concesión de obra urbanizadora.

Zonificación e usos característicos e permitidos.

Reservas de solo para espazos libres e equipamentos.

Tipos de ordenación da edificación: illada, volumétrica e segundo aliñamentos da vía.

Parámetros reguladores da edificación: edificabilidade, altura reguladora, número de plantas, profundidade edificable, etc.

Medidas de protección do solo non urbanizable.

Legislación sectorial que afecta o urbanismo: patrimonio, costas, augas, estradas, ferrocarril, portos, aeroportos, tendidos eléctricos, gasodutos, etc.

Principios reguladores da lexislación urbanística.

Lei do solo. Clasificación e tipos de solo.

Plans territoriais.

Plans e figuras do planeamento xeral e derivado. Atribucións e parámetros regulados. Xerarquización dos plans.

4.3.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
3	proxectos urbanísticos e de obra civil	20

4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA5 - Caracteriza proxectos de obra civil, compilando a normativa de aplicación e relacionando a súa tipoloxía cos criterios de deseño, condicionantes e procesos construtivos.	SI
RA6 - Determina a documentación gráfica e escrita para desenvolver proxectos urbanísticos e de obra civil, e establece a súa relación, o seu contido e as súas características.	SI

4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA5.1 Identifícase a tipoloxía do proxecto de obra civil e os criterios, os requisitos e os condicionantes de deseño.
CA5.2 Seleccionouse a normativa que regula as tipoloxías de proxectos de obra civil e as recomendacións asociadas.
CA5.3 Estableceuse a secuencia das fases características dos procesos de construción de obras lineais.
CA5.4 Relacionáronse os elementos de obra cos materiais e os procedementos para a súa execución.
CA5.5 Avaliáronse solucións construtivas alternativas aplicando criterios económicos e cumprindo os condicionantes establecidos.
CA5.6 Relacionáronse as necesidades de maquinaria, equipamentos auxiliares e man de obra coa execución de proxectos de obra civil.
CA5.7 Identifícanse as accións susceptibles de ocasionar impactos ambientais a partir das solucións de proxecto adoptadas.
CA6.1 Identifícanse as fases de desenvolvemento do proxecto.
CA6.2 Elaborouse a relación de documentos gráficos e escritos para o desenvolvemento do proxecto nas súas sucesivas fases.
CA6.3 Estableceuse o contido das memorias e anexos.

Criterios de avaliación
CA6.4 Identificouse a información salientable dos estudos previos, para a súa incorporación ao proxecto.
CA6.5 Elaborouse a relación de planos para cada fase de desenvolvemento do proxecto, coas vistas e a información que deban conter, a súa escala e o seu formato.
CA6.6 Identificáronse os pregos de condicións de referencia.
CA6.7 Estableceuse o procedemento de obtención do estado de medicións.
CA6.8 Identificáronse as bases de prezos de referencia.
CA6.9 Estableceuse a relación de capítulos para a obtención do orzamento de execución material.
CA6.10 Estableceuse o contido do estudo de seguridade.
CA6.11 Identificouse o contido da análise ambiental do proxecto para a súa incorporación ao estudo de impacto ambiental.
CA6.12 Estableceuse o sistema de xestión documental, arquivo e copias de seguridade.

4.3.e) Contidos

Contidos
Ferrocarrís: trazado en planta e alzado; seccións tipo, elementos e dimensións; normativa específica; solucións elevadas, de superficie e subterráneas; procesos de construción de bases, balastro, colocación de travesas e montaxe de vías.
0Elementos de análise ambiental no territorio: xeoloxía, edafoloxía, hidroloxía superficial e subterránea, clima, calidade do aire, vexetación, fauna, ecosistemas e impacto socioeconómico.
Obras hidráulicas: canalizacións a ceo aberto e canalizacións, e conducións pechadas, superficiais e enterradas.
Tendidos aéreos. Enerxía e telecomunicacións.
Obras marítimas: portos. Dinámica do litoral. Emisarios e tendidos submarinos.
Depósitos: tipos e solucións construtivas.
Depuradoras: tipos e criterios de deseño.
Encoros: criterios de situación; determinación da liña de máximo nivel; tipos e solucións construtivas.
Centrais de produción e transformación de enerxía: tipos e características.

Contidos
Efectos ambientais de proxectos de obra civil sobre o territorio.
Fases dun proxecto e grao de definición.
OSistemas de arquivo e copia de seguridade.
Relación de documentos dun proxecto en cada unha das súas fases.
Memorias e anexos: tipos, contido e criterios de elaboración.
Listaxe de planos en cada unha das súas fases. Contido dos planos. Formato, vistas, escalas e información complementaria.
Contido e criterios de elaboración dos pregos de condicións.
Contido da documentación dun orzamento. Estado de medicións, cadros de prezos e orzamento de execución material.
Estudo de seguridade: estrutura do documento e contido.
Análise ambiental do proxecto: estrutura do documento e contido.
Xestión documental de proxectos: rexistro e codificación.

4.4.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
4	Trazado de estradas	30

4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Define propostas de trazado de estradas, determinando as súas características xeométricas e considerando os condicionantes topográficos e do contorno.	SI

4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA3.1 Identifícase o tipo de estrada e a velocidade de proxecto.

Criterios de avaliación
CA3.2 Determináronse as visibilidades de parada, adiantamento e cruzamento do tramo proxectado.
CA3.3 Establecéronse os parámetros xeométricos máximos e mínimos dos aliñamentos en planta.
CA3.4 Identificáronse as prescricións da normativa, en relación coa inclinación e a lonxitude de rasantes e os acordos verticais.
CA3.5 Establecéronse as características xeométricas das seccións tipo e especiais, en relación coas previsións dos estudos feitos.
CA3.6 Comprobouse que a topografía, os condicionantes do contorno e o impacto ambiental permitan a avaliación dos trazados alternativos.
CA3.7 Determináronse as lonxitudes e as inclinacións máximas dos noiros e as solucións das marxes nas seccións especiais.
CA3.8 Xeráronse trazados de estradas con aplicacións informáticas específicas, aplicando os criterios establecidos.
CA3.9 Comprobouse o cumprimento da normativa nos trazados xerados.

4.4.e) Contidos

Contidos
Tipos de proxectos. Novo trazado, duplicación de calzada, acondicionamento e melloras locais.
OVías de servizo e ramais de enlace: criterios de deseño, distancias e dimensións.
Xeometría de noiros en desmonte e terraplén. Lonxitudes e pendentes máximas segundo o tipo de terreo. Banquetas.
Marxes de estradas: solucións tipo, usos e criterios de deseño.
Enlaces: solucións tipo. Criterios de selección e de deseño de ramais.
Interseccións: tipos, solucións canalizadas e criterios de deseño.
Rotondas ao mesmo ou a distinto nivel: tipos, recomendacións e criterios de deseño.
Aplicacións informáticas específicas.
Denominación e clasificación das estradas.
Lexislación e normativa de trazado.

Contidos
Parámetros básicos de trazado: velocidade e visibilidade. Trazado do eixe en planta. Tipos de aliñamentos. Limitacións dos aliñamentos rectos e curvos. Curvas de acordo. Trazado en alzado: pendente e lonxitude máxima e mínima das rasantes. Acordos verticais: tipos. Cálculo do parámetro Coordinación planta-alzado. Perdas de trazado. Diagramas de curvatura. Sección transversal. Elementos e dimensións das seccións tipo e especiais. Peraltes e transición.

4.5.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
5	construcción de estradas	29

4.5.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA4 - Propón solucións construtivas de firmes e obras de fábrica e de drenaxe para proxectos de estradas, identificando materiais e definindo elementos de obra, e describe condicións para a súa execución.	SI

4.5.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA4.1 Relacionáronse as características dos procesos de construción de estradas coa súa tipoloxía e coa normativa de aplicación.
CA4.2 Estableceuse a secuencia das fases do proceso de construción de estradas.
CA4.3 Especificáronse as características das obras de fábrica relacionadas coa execución de estradas.
CA4.4 Determinouse a situación e as dimensións dos dispositivos de canalización lonxitudinais e transversais das obras de drenaxe, de acordo co escoamento natural do contorno e as marxes das estradas.
CA4.5 Relacionáronse as tipoloxías de túneles, obras de paso, obras de drenaxe transversais e muros cos seus condicionantes funcionais e de situación, e coas súas posibles solucións construtivas.

Criterios de avaliación

CA4.6 Definíronse as características de execución de firmes, os seus materiais e os grosos de capas, respectando a normativa de aplicación.

CA4.7 Relaciónáronse os procedementos construtivos coas necesidades de maquinaria e equipamentos auxiliares.

4.5.e) Contidos
Contidos

Roza e limpeza do terreo. Derrubamentos.

0Perforacións para paso de canalizacións.

Obras de drenaxe: dispositivos lonxitudinais e transversais. Tipoloxía, elementos, criterios de distribución, predimensionamento, materiais e solucións construtivas.

Desvíos provisionais de obra.

Firmes: normativa e tipos; capas, materiais e procesos de execución.

Escavacións e voaduras. Explotacións de canteiras.

Desmontes e terrapléns. Cosedura de noiros. Ataguías.

Explanacións.

Fabricación e extensión de bases.

Compactación de capas. Estabilización e impermeabilización do solo. Drenaxes.

Apertura e refinamento de cunetas.

Obras de paso: pontes, viadutos, pasarelas e pasos inferiores. Tipoloxías e criterios de deseño. Elementos e solucións construtivas.

Túneles: métodos de perforación, consolidación, impermeabilización e revestimento.

4.6.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
6	vías urbanas e espazos públicos	30

4.6.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Elabora propostas de proxectos de urbanización, definindo o sistema viario e a ordenación de espazos públicos, considerando as determinacións establecidas no plan urbanístico que desenvolve.	SI

4.6.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.1 Identificáronse as determinacións do plan urbanístico referentes ao sistema viario e o seu enlace ao sistema xeral, espazos públicos, disposición de parcelas, usos, zonificación, reservas de solo e previsión de dotacións e vivendas.
CA2.2 Definíronse as características xeométricas das vías en planta, establecendo as lonxitudes, os raios e as tanxencias dos eixes e dos aliñamentos.
CA2.3 Adoptáronse criterios relativos a pendentes, lonxitudes de rasantes e acordos verticais, para definir o perfil lonxitudinal de vías.
CA2.4 Establecéronse as características das seccións tipo, concretando as dimensións de calzada e beirarrúas, a distribución de usos, a pavimentación e a disposición de moblaxe urbana e iluminación.
CA2.5 Determinouse a disposición e as características da sinalización horizontal e vertical.
CA2.6 Establecéronse criterios para a definición dos espazos públicos: distribución, usos, accesos, cobertura vexetal, servizos, moblaxe urbana, pavimentos, etc.
CA2.7 Identificáronse os elementos vexetais adecuados ás características do lugar e aos requisitos do proxecto.

4.6.e) Contidos

Contidos
Vías urbanas: tipos de vías.
Sinalización vertical e horizontal.
Trazado de vías en planta.
Perfis lonxitudinais. Sección do terreo. Rasantes e pendentes.
Perfis transversais.
Volume de movemento de terras. Métodos de cálculo de superficies de desmonte e terraplén.

Contidos

Pavimentos.

Seccións construtivas.

Espazos públicos: tipos, características e criterios de deseño.

Elementos de moblaxe urbana e de cobertura vexetal.

5. Mínimos exigibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación
1. Mínimos esixibles

Os mínimos esixibles para alcanzar a avaliación positiva serán os indicados nos distintos apartados de cada unidade didáctica. Fundamentalmente :

- Identifícanse os ámbitos de actuación e as atribucións das figuras do planeamento urbanístico vixente.
- Identifícanse os factores determinantes dos asentamentos.
- Identifícanse os usos da edificación.
- Principios reguladores da lexislación urbanística.
- Lei do solo. Clasificación e tipos de solo.
- Plans e figuras do planeamento xeral e derivado. Atribucións e parámetros regulados. Xerarquización dos plans.
- Sistemas de actuación urbanística: cooperación, compensación, concerto, expropiación e concesión de obra urbanizadora.
- Parámetros reguladores da edificación: edificabilidade, altura reguladora, número de plantas, profundidade edificable, etc.
- Identifícanse as determinacións do plan urbanístico referentes ao sistema viario e o seu enlace ao sistema xeral, espazos públicos, disposición de parcelas, usos, zonificación, reservas de solo e previsión de dotacións e vivendas.
- Defínense as características xeométricas das vías en planta, establecendo as lonxitudes, os raios e as tanxencias dos eixes e dos aliñamentos.
- Adoptáronse criterios relativos a pendentes, lonxitudes de rasantes e acordos verticais, para definir o perfil lonxitudinal de vías.
- Identifícanse as prescricións da normativa, en relación coa inclinación e a lonxitude de rasantes e os acordos verticais.
- Elaborouse a relación de planos para cada fase de desenvolvemento do proxecto, coas vistas e a información que deban conter, a súa escala e o seu formato.

2. Os instrumentos de avaliación son os materiais que o profesor recolle para valorar ao alumno; os procedementos describen o método seguido para a recollida de datos. Como norma xeral terá os seguintes puntos:

- Os alumnos levarán un expediente cos apuntamentos, traballos, actividades e exercicios que se vaian realizando.
- Cando se leven a cabo actividades e traballos en grupo, avaliarase tanto a calidade como a claridade nas exposicións e o interese e a participación nas actividades. Terase tamén en conta a cooperación do

alumnado no grupo e a relación cos outros grupos.

-Resolución de exercicios e cuestionarios individuais, orais ou escritos, co fin de avaliar o grao de comprensión dos contidos e poñer de manifesto as deficiencias ou erros na comprensión dos procesos e conceptos.

2. Criterios de cualificación:

Seguindo o proceso descrito, a cualificación do alumnado, obtense sumando as cualificacións asignadas aos mesmos polos seguintes conceptos:

-As probas escritas, instrumento que permite valorar os coñecementos dunha forma máis obxectiva e por iso o peso é maior. (60%)

- Expediente de apuntamentos, traballos, exercicios e actividades. (15%)

-Resolución de exercicios, cuestionarios e realización de actividades, traballos e probas (orais ou escritas). (15%).

-Observación directa da participación na clase, actitude e comportamento co grupo e co profesor, coidado dos medios e insta-

laciós, asistencia e puntualidade, participación, intervencións no encerado, a colaboración e a tolerancia no traballo en equipo.(10%)

A nota global de cada unidade ou grupo de unidades didáctica será a media aritmética ou ponderada segundo a importancia relativa dos conceptos avaliados.

A nota do trimestre será a media aritmética das unidades ou grupo de unidades avaliadas nese período sempre que a nota de cada unha delas sexa igual ou maior que catro.

Para a cualificación final do módulo, deberán terse en conta tódalas cualificacións obtidas nas diferentes unidades.

6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

A recuperación consistirá na superación das capacidades non adquiridas polo alumno tendo sempre como referencia os contidos mínimos do módulo.

O alumno deberá presenciar durante as horas correspondentes ao módulo nese período e recuperar de acordo coas actividades deseñadas para tal fin: elaboración de traballos e/ou cuestionarios sobre as unidades non superadas. Entregará os traballos non presentados en data ou corraxirá dos traballos con nota inferior a 5 sobre 10.

Ademais das actividades de recuperación de cada unidade didáctica, se o alumno suspende unha das avaliacións trimestrais, terá opción de recuperar esa materia mediante unha proba escrita (proba trimestral)

6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

O alumnado que perdese o dereito á avaliación continua co cal, por razóns de no asistencia reiterada, non sexa posible utilizar os instrumentos de avaliación previstos inicialmente para cada módulo profesional, terá dereito a realizar unha proba extraordinaria de avaliación previa á avaliación final de módulos correspondente.

Esta proba realizarase durante a última semana do período lectivo, e constará de contidos teóricos sobre os conceptos impartidos ao longo das unidades formativas do currículo do módulo, e de contidos prácticos con exercicios gráficos e/ou de cálculo realizados polo alumnado en cada trimestre.

7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

Ten como misión valorar tanto as aprendizaxes dos alumnos como a labor docente e a súa adecuación ao proceso de ensinanza. Utilizando como instrumento a autoavaliación e o debate, realizarase unha análise do seguinte:

- A planificación do proceso de ensinanza- aprendizaxe
- A secuenciación dos contidos,
- A metodoloxía aplicada
- Os recursos empregados.
- A actuación persoal do profesor e a interacción cos alumnos.
- O ambiente na aula para facilitar o proceso.

Estes resultados servirán ó profesor para decidir qué aspectos da programación poden mellorar, perseguindo unha maior competencia docente e formación técnica, que será o principal estímulo para manter viva a súa ilusión polo estudo e o levará a sentir a satisfacción que produce o traballo ben feito.

8. Medidas de atención á diversidade

8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

A súa preparación correspóndelle ao titor do grupo, en colaboración cos demais profesores do curso.

Ao principio do curso, unha vez pechado o prazo de matrícula, o equipo docente celebrará unha reunión de avaliación inicial para coñecer as características e a formación previa de cada alumno.

Nela o titor achegará toda a información dispoñible sobre as características xerais do grupo.

Recabarase información sobre:

- Informes individualizados
- Estudos académicos realizados
- Alumnado con proba de acceso
- Informes e ditames de alumnado con discapacidade ou NEE
- Experiencia profesional previa
- Matrícula condicional de alumnado estranxeiro
- Alumnado con validacións/exencións (solicitadas, concedidas ou en trámite)
- Observación directa do profesor ao alumno nas primeiras semanas de clase.

En base a toda esta información tomaranse os acordos pertinentes, especialmente aqueles que teñan que ver con aspectos de flexibilización modular na duración das ensinanzas.

8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

Débense adoptar cantas medidas foxen necesarias para atender as necesidades específicas de apoio educativo que poidan presentarse entre os estudantes do Ciclo, de maneira que alcancen as capacidades requiridas no módulo profesional. Con carácter xeral, deseñaranse actividades de apoio ou reforzo individualizadas para incidir naqueles obxectivos non logrados por alumnos con maior dificultade de aprendizaxe.

Adoptaranse as seguintes medidas:

- Farase unha avaliación inicial e un seguimento personalizado do alumnado por parte do profesor.
- Priorizaranse os contidos procedimentais fronte aos conceptuais.
- Potenciarase o traballo en equipo.
- Formularanse actividades con dificultade gradual crecente e clasificaranse en tres niveis:
 - Actividades básicas, necesarias para acadar os contidos mínimos.
 - Actividades de reforzo (recuperación ou repetición) para os alumnos que non superen as actividades básicas no tempo estipulado.
 - Actividades de ampliación, para os alumnos máis interesados ou que completaron as actividades básicas antes do previsto.

Respecto aos alumnos con necesidades educativas especiais e, dado que na Formación Profesional específica non é posible realizar adaptacións significativas ao impartirse contidos básicos para o exercicio dunha profesión, só será posible adaptar a metodoloxía, os recursos e os contidos.

As adaptacións irán pois encamiñadas a alumnos con algún tipo de deficiencia (motórica, psíquica ou sensorial), circunstancias persoais excepcionais no histórico-académico como a escolarización domiciliaria en procesos longos de hospitalización, procedencia doutros sistemas educativos ou circunstancias de sobredotación intelectual. Todos estes son casos que non aparecen ordinariamente nas aulas. Nestes casos pódese adaptar o acceso ao currículo dende os puntos de vista mencionados, podendo chegar a que estas adaptacións curriculares sexan significativas.

9. Aspectos transversais

9.a) Programación da educación en valores

Os contidos transversais son eixes do coñecemento que non se corresponden coas áreas epistemolóxicas tradicionais, senón que están integradas por contidos de gran importancia social, entre os que destacan fundamentalmente, as actitudes que deben ser desenvolvidas ao longo da vida escolar en todas as áreas do coñecemento. Estas deben impregnar a actividade docente e estar presente na aula de forma permanente, favorecendo o desenvolvemento integral da persoa, permitindo que o alumno adopte unha perspectiva sociocrítica e emancipante, preocupándose por problemas sociais actuais e conectando así a súa formación coa vida.

Os temas transversais son os seguintes: educación para a paz, educación moral e cívica, educación para a igualdade entre os sexos, educación para a saúde, educación ambiental, educación viaria e educación para o consumidor.

Alguns como a educación cívica e moral exemplificaranse na relación profesor -alumno que a potenciará ou corruxará na relación entre os alumnos, outros van máis ligados ao desenvolvemento do módulo:

a) Educación para a saúde.

O alumno debe coñecer a ergonomía do posto de traballo, adoptando as posicións favorables para a vista e o sistema mo-

tor, respectando os tempos de mobilidade como medida de prevención.

b) Educación para o consumidor.

Valorarase a propiedade intelectual do software e a eliminación da piratería nas aulas; para isto elixiranse programas de traballo que o centro poida adquirir.

c) Educación para a convivencia, participacións e igualdade.

Potenciarase o traballo en equipo, fomentando a discusión e a capacidade para chegar a acordos, respectando as opinións dos demais. Os grupos serán heteroxéneos, fomentando a relación e integración entre todos os compañeiros da clase. Farase

ver ao alumnado que esta actitude será básica no traballo en colaboración na empresa. Na realización dos traballos procúrase actuar dun xeito natural e sen facer diferenza, corrixindo actitudes xenófobas ou sexistas.

d) Educación ambiental.

Os alumnos deberán valorar a necesidade de preservar e coidar o patrimonio e o medio, estudando o impacto ambiental

das edificacións, a necesidade de manter as zonas verdes, de crear outras novas e de conservar os cascos históricos como patrimonio de todos. valorar as propostas da arquitectura bioclimática, orientadas a preservar os limitados recursos enerxéticos e reducir as emisións contaminantes. Tamén se valorara a necesidade de usar materiais procedentes da reciclaxe e rexeitar os que non sexan sostibles.

9.b) Actividades complementarias e extraescolares

As actividades complementarias son aquelas que se realizan co alumnado en horario lectivo e que teñen carácter diferenciado polo momento, espazo ou recursos que utilizan.

As actividades extraescolares son aquelas que, sendo organizadas polo centro e figurando na programación xeral anual, realízanse fóra do horario lectivo e nas que a participación do alumnado é voluntaria.

Consideramos que as actividades complementarias e extraescolares son outro dos baremos que mide a calidade educativa, polos que debemos fomentalas e procurar unha participación importante do alumnado nas mesmas.

As visitas técnicas deben de estar conectadas coas actividades de ensino-aprendizaxe desenvolvidas no centro educativo, co fin de fomentar a relación co contorno produtivo e actuar como reforzo dun conxunto coherente de tarefas realizadas no aula, por iso, en calquera caso, estas visitas deben de ter obxectivos concretos e programados e deben organizarse dun xeito que non impliquen unha ruptura co proceso xeral de ensino-aprendizaxe do ciclo. A visita técnica debe procurar un achegamento á realidade profesional á que está vinculada a competencia profesional do título.

Este curso académico, como actividades complementarias, realizánsense visitas a obras e edificios de interese para o alumnado, no primeiro trimestre visita á empresas relacionadas co sector da construción, no segundo e terceiro trimestre conferencias e talleres no instituto e visita a edificios de interés.

Como actividade extraescolar, fóra do período lectivo, propónse a visita a Roma e Pompeya.

10. Outros apartados

10.1) Utilización das ferramentas de Teams

Se utilizará Teams como ferramenta complementaria das clases e de apoio ao alumnado que non poda asistir a algunha das clases por enfermidade.



1. Identificación da programación

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15027058	As Fontiñas	Santiago de Compostela	2023/2024

Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
EOC	Edificación e obra civil	CSEOC02	Proxectos de obra civil	Ciclos formativos de grao superior	Réxime xeral-ordinario

Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP0770	Redes e servizos en obra civil	2023/2024	5	133	159

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	FRANCISCO OTERO LÓPEZ
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión inspector

2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

Este módulo profesional contén a formación necesaria para desempeñar a función de proxecto aplicada aos procesos de definición e desenvolvemento de proxectos urbanísticos e de obra civil. A definición de proxectos urbanísticos e de obra civil asociada á función de deseño inclúe aspectos como: . A elaboración de propostas de trazado de estradas. . A elaboración de propostas de plans urbanísticos. . O desenvolvemento de propostas de proxectos de urbanización. . A descrición das características dos proxectos de obra civil e os seus procesos construtivos. . O establecemento da relación e contido da documentación gráfica e escrita. As actividades profesionais asociadas a esta función aplícanse en: . Desenvolvemento de proxectos estradas e de obra civil. . Desenvolvemento de plans urbanísticos. . Desenvolvemento de proxectos de urbanización. A formación do módulo contribúe a alcanzar os seguintes obxectivos xerais do ciclo formativo: . Obter e analizar a información técnica e propoñer as distintas solucións, realizando a toma de datos, interpretando a información relevante e elaborando esbozo para colaborar no desenvolvemento de proxectos de obra civil e de ordenación do territorio. . Elaborar memorias, pregos de condicións, medicións, presupostos e demais estudos requiridos, utilizando aplicacións informáticas para participar na redacción escrita de proxectos de obra civil e de ordenación do territorio. . Deseñar e representar os planos necesarios, utilizando aplicacións informáticas de deseño asistido por ordenador para elaborar documentación gráfica de proxectos de obra civil e de ordenación do territorio. . Analizar, dimensionar e representar trazados de obras lineais, aplicando procedementos de cálculo establecidos e normativa, e operando con aplicacións informáticas específicas para colaborar na definición e cálculo dos devanditos trazados. . Analizar e utilizar os recursos e oportunidades de aprendizaxe relacionadas coa evolución científica, tecnolóxica e organizativa do sector e as tecnoloxías da información e a comunicación, para manter o espírito de actualización e adaptarse a novas situacións laborais e persoais. . Desenvolvemento de proxectos estradas e de obra civil. . Desenvolvemento de plans urbanísticos. . Desenvolvemento de proxectos de urbanización. A formación do módulo contribúe a alcanzar os seguintes obxectivos xerais do ciclo formativo: . Obter e analizar a información técnica e propoñer as distintas solucións, realizando a toma de datos, interpretando a información relevante e elaborando esbozo para colaborar no desenvolvemento de proxectos de obra civil e de ordenación do territorio. . Elaborar memorias, pregos de condicións, medicións, presupostos e demais estudos requiridos, utilizando aplicacións informáticas para participar na redacción escrita de proxectos de obra civil e de ordenación do territorio. . Deseñar e representar os planos necesarios, utilizando aplicacións informáticas de deseño asistido por ordenador para elaborar documentación gráfica de proxectos de obra civil e de ordenación do territorio. . Analizar, dimensionar e representar trazados de obras lineais, aplicando procedementos de cálculo establecidos e normativa, e operando con aplicacións informáticas específicas para colaborar na definición e cálculo dos devanditos trazados. . Analizar e utilizar os recursos e oportunidades de aprendizaxe relacionadas coa evolución científica, tecnolóxica e organizativa do sector e as tecnoloxías da información e a comunicación, para manter o espírito de actualización e adaptarse a novas situacións laborais e persoais. . Desenvolver a creatividade e o espírito de innovación, para responder aos retos que se presentan nos procesos e na organización do traballo e da vida persoal. . Tomar decisións de forma fundamentada, analizando as variables implicadas, integrando saberes de distinto ámbito e aceptando os riscos e a posibilidade de equivocación nestas, para afrontar e resolver distintas situacións, problemas ou continxencias. . Aplicar estratexias e técnicas de comunicación adaptándose aos contidos que se van transmitir, á finalidade e ás características dos receptores, para asegurar a eficacia nos procesos de comunicación. . Avaliar situacións de prevención de riscos laborais e de protección ambiental, propoñendo e aplicando medidas de prevención persoais e colectivas, de acordo coa normativa aplicable nos procesos do traballo, para garantir ámbitos seguros. . Identificar e propoñer as accións profesionais necesarias, para dar resposta á accesibilidade universal e ao «deseño para todos». . Identificar e aplicar parámetros de calidade nos traballos e actividades realizados no proceso de aprendizaxe, para valorar a cultura da avaliación e da calidade e ser capaces de supervisar e mellorar procedementos de xestión de calidade. E as seguintes competencias profesionais, persoais e sociais do título: . Intervir no desenvolvemento de proxectos de obra civil e de ordenación do territorio, obtendo e analizando a información necesaria e propoñendo distintas solucións. . Intervir na redacción da documentación escrita de proxectos de obra civil e de ordenación do territorio, mediante a elaboración de memorias, pregos de condicións, medicións, presupostos e demais estudos requiridos (de seguridade, salud e ambientais, entre outros), utilizando aplicacións informáticas. . Elaborar a documentación gráfica de proxectos de obra civil e de ordenación do territorio, mediante a representación dos planos necesarios para a definición destes, utilizando aplicacións informáticas de deseño asistido por ordenador. . Intervir na definición e cálculo de trazados de obras lineais, operando con aplicacións informáticas específicas, se é o caso, baixo as instrucións do responsable facultativo. . Adaptarse ás novas situacións laborais, mantendo actualizados os coñecementos científicos, técnicos e tecnolóxicos relativos ao seu ámbito profesional, xestionando a súa formación e os recursos existentes na aprendizaxe ao longo da vida e utilizando as tecnoloxías da

**ANEXO XIII
MODELO DE PROGRAMACIÓN DE MÓDULOS PROFESIONAIS**

información e a comunicación. . Resolver situacións, problemas ou continxencias con iniciativa e autonomía no ámbito da súa competencia, con creatividade, innovación e espírito de mellora no traballo persoal e no dos membros do equipo. . Comunicarse cos seus iguais, superiores, clientes e persoas baixo a súa responsabilidade, utilizando vías eficaces de comunicación, transmitindo a información ou coñecementos axeitados, e respectando a autonomía e competencia das persoas que interveñen no ámbito do seu traballo. . Xerar ámbitos seguros no desenvolvemento do seu traballo e o do seu equipo, supervisando e aplicando os procedementos de prevención de riscos laborais e ambientais de acordo co establecido pola normativa e os obxectivos da empresa. . Supervisar e aplicar procedementos de xestión de calidade, de accesibilidade universal e de «deseño para todos», nas actividades profesionais incluídas nos procesos de produción ou prestación de servizos. As liñas de actuación no proceso de ensino-aprendizaxe que permiten alcanzar os obxectivos do módulo versarán sobre: . A elaboración de propostas de trazado de estradas en relación coa definición do eixe en planta, a rasante no perfil lonxitudinal e as características das seccións tipo da plataforma. . A elaboración de propostas de plans urbanísticos que desenvolvan o plan xeral municipal. . A elaboración de propostas de proxectos de urbanización que desenvolvan plans urbanísticos. . A descrición das características e dos procesos de execución de distintas tipoloxías de proxectos de obra civil. . A documentación gráfica e escrita necesaria para desenvolver proxectos de edificación, establecendo o seu contido e características nas distintas fases.

3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)
1	DESEÑO E CÁLCULO DAS REDES DE ABASTECIMENTO DE AUGAS	Configuración das redes de abastecemento de augas	40	25
2	DESEÑO E CÁLCULO DAS REDES DE SANEAMENTO	Configuración das redes de saneamento	40	25
3	DESEÑO E CÁLCULO DAS REDES DE ENERXÍA ELÉCTRICA	Configuración das redes de enerxía eléctrica	20	12
4	DESEÑO E CÁLCULO DAS REDES DE ALUMADO PÚBLICO	Configuración das redes de alumado público	20	12
5	DESEÑO E CÁLCULO DAS REDES DE GAS	Configuración das redes de gas	10	6
6	DESEÑO E CÁLCULO DAS REDES DE TELECOMUNICACIÓNS	Configuración das redes de telecomunicacións	15	10
7	DESEÑO E CÁLCULO DAS REDES DE DE SERVIZOS ESPECIAIS. GALERÍAS DE SERVIZOS	Representación de redes e servizos especiais. galerías de servizos	14	10

4. Por cada unidade didáctica
4.1.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
1	DESEÑO E CÁLCULO DAS REDES DE ABASTECIMENTO DE AUGAS	40

4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Configura redes de abastecemento de augas, dimensionando os seus elementos, conforme a normativa.	SI

4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Relacionáronse os conceptos de caudal de consumo, presión, perda de carga e velocidade dun fluído coa súa aplicación ao deseño de redes.
CA1.2 Calculáronse os caudais de consumo co seu coeficiente de simultaneidade.
CA1.3 Identificáronse os planos que definen a instalación.
CA1.4 Utilizouse a simboloxía adecuada.
CA1.5 Debuxouse o trazado da rede polas zonas destinadas a ela.
CA1.6 Dimensionáronse os elementos mediante resultados de cálculo.
CA1.7 Representáronse elementos de detalle.
CA1.8 Colocáronse os elementos adecuados seguindo a normativa e os criterios da compañía subministradora.

4.1.e) Contidos

Contidos
Conceptos básicos de fontanería: caudal de consumo, velocidade de fluídos, presión, perda de carga, coeficiente de simultaneidade e mallas.
Distancias de seguridade con outras redes de distribución.
Rega automática: aspersores, difusores e programadores. Canalizacións e sensores de humidade.
Captación de augas para potabilizar.
Alxibes de auga potable: tipos, válvulas, aliviadoiros e grupos de presión.

Contidos
Equipamentos de desinfección de auga potable: filtros, equipamento de regulación de cloro e pH. Sistema de ozono e raios ultravioleta.
Elementos básicos das instalacións: canalizacións; válvulas de corte, de retención, de desaugamento e reductoras de presión, ventosas, alxibes, bocas de rega e hidratantes.
Cálculos: consumos punta, medio e val; coeficientes de simultaneidade; presión e perda de carga en diferentes puntos da rede; dimensións das canalizacións; velocidade do fluído.
Deseño da rede de abastecemento de augas nas urbanizacións.
Reforzos en cóbados, encontros, cambios de dirección, hidrantes e válvulas.
Distribución correcta de válvulas, hidrantes e bocas de rega.

4.2.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
2	DESEÑO E CÁLCULO DAS REDES DE SANEAMENTO	40

4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Configura redes de saneamento de augas pluviais e fecais, dimensionando os seus elementos e representando perfís, conforme a normativa.	SI

4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.1 Relacionáronse os conceptos de caudal de evacuación, intensidade pluviométrica, coeficiente de escoamento e velocidade de fluído, coa súa aplicación ao deseño de redes de augas fecais e pluviais.
CA2.2 Calculáronse os caudais de evacuación de diferentes tipos de augas.
CA2.3 Identificáronse os planos que definen a instalación.
CA2.4 Utilizouse a simboloxía adecuada.
CA2.5 Debuxouse o trazado da rede polas zonas destinadas a ela.

Criterios de avaliación
CA2.6 Realizáronse perfís das redes de sumidoiros.
CA2.7 Dimensionáronse os elementos mediante resultados de cálculo.
CA2.8 Colocáronse os elementos adecuados seguindo a normativa e os criterios da compañía subministradora.

4.2.e) Contidos

Contidos
A cualificación será un valor numérico sen decimais entre un (1) e dez (10).

O alumno para aprobar debера acadar una cualificación igual ou superior a cinco (5).

Os traballos presentados fora de prazo so acadaran a cualificación máxima de oito(8) se están correctamente elaborados.

A nota FINAL resultara do promedio porcentual correspondentes as UD debendo obter cualificación maior ou igual a cinco (5) en calquera delas para poder promediar.

Debese ter en conta que un dez por cento (10%) de faltas de asistencia supón a perda de dereito a avaliación continua, polo que se sé dera o caso o alumno seria avaliado e cualificado nunha proba extraordinaria no final do curso.

Teranse en conta os seguintes aspectos para cualificar ao alumno:

-Traballos e exercicios realizados.

-Coñecementos teórico prácticos..

-Mantemento e cumprimento das normas de orde, seguridade e hixiene no posto de traballo.

-Cualificarase negativamente a coincidencia nos resultados entre os traballos dos alumnos cando se trate de propostas de traballos que requiran de solucións individuais e diferentes.

Debese ter en conta que un dez por cento (10%) de faltas de asistencia supón a perda de dereito a avaliación continua, polo que se sé dera o caso o alumno sería avaliado e cualificado nunha proba extraordinaria no final do curso.

Os instrumentos de avaliación que se empregaran serán a revisión e análise dos traballos entregados, seguimentos das carpetas dos alumnos e a observación directa do alumno na aula, atendendo a aspectos como:

- Participación e aporte de ideas.
- Grao de comprensión dos contidos.
- Aplicación dos mesmos na actividade practica.
- Uso e manexo da documentación facilitada.
- Resposta do alumno as distintas propostas de traballo indicadas.
- Mellora na calidade do traballo dende a revisión anterior.
- Calidade gráfica, presentación e resolución satisfactoria das propostas.
- Valorarase a entrega puntual coidada e esmerada dos traballos propostos

6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

As actividades de recuperación defínense por unidades didácticas.

Constarán da entregar de tódalas tarefas propostas nas unidades didácticas e a resolución de exercicios teórico-prácticos referidos a cada UD, a recuperar.

Os alumnos deberán repetir, dentro do prazo fixado polo profesor, as actividades propostas ata acadar o nivel mínimo esixido. Fundamentalmente estas actividades consistirán na reelaboración da documentación presentada ata que esta acade os obxectivos mínimos.

As recuperación do primeiro trimestre poderanse recuperarase no segundo a as do segundo trimestre ao longo da etapa de recuperación (abril - xuño)

6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

"O alumnado que perdese o dereito á avaliación continua nun determinado módulo terá dereito a unha proba final extraordinaria previa á avaliación final de módulos, de acordo co establecido no artigo 25.5 da Orde do 12 de xullo de 2011".

"O alumnado que perde o dereito á avaliación continua co cal, por razóns de inasistencia reiterada, non sexa posible utilizar os instrumentos de avaliación previstos inicialmente para cada módulo profesional, terá dereito a realizar unha proba extraordinaria de avaliación previa á avaliación final de módulos correspondente."

A proba extraordinaria consistirá en:

1. Unha proba ÚNICA na que deberán demostrar que teñen acadadas todas as capacidades terminais necesarias para obter a cualificación de apto. O profesor/a publicará no calendario do grupo e nos taboleiros a data da proba.
2. A cualificación final (NF) obterase realizando a media ponderada das diferentes partes da proba final.

A data da realización da proba ÚNICA será flexible para facilitarlle ao alumno o acceso no período de marzo ás FCTs, o alumno terá dereito a realizar a proba en marzo, de non superala perderá o dereito a recuperar en xuño, polo que se lle ofrecerá ao alumnado a posibilidade de elixir a data, quedando constancia por escrito, ou en marzo á proba extraordinaria, ou en xuño coincidindo co período de probas libres.

7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

O seguimento da programación farase na aplicación informática web de xestión das programacións.

A aplicación informática permite tres accións ao docente relacionadas co seguimento:

- Editar o seguimento por unidades didácticas.
- Ver un resumo da programación pechada.
- Imprimir un informe do seguimento.

- Ao comezo das Unidades Formativas, realízase unha avaliación inicial a cal resultará útil para detectar as ideas previas que o alumnado posúe en relación co tema que se vai a tratar. Igualmente, poñeranse de manifesto as actitudes cara á temática -no seu caso- e o maior ou menor dominio dos procedementos que van ser necesarios para o seu desenvolvemento.

Os medios para conseguir estes datos serán variados: un coloquio, un debate, ou a realización de traballos preparatorios. A partir da información conseguida, adaptarase convenientemente o principio da unidade didáctica programada.

- Ó remate de cada período asignado a cada unha das Unidades Formativas, comprobarase se estas foron desenvolvidas en canto ós contidos, e alcanzados os obxectivos propostos. No caso de que así non fose, adoptariáanse as medidas correctoras que foran necesarias segundo o grao de cumprimento ou desviacións que se produzan. Corrixindo tamén a acumulada da Unidade Formativa anterior.

- Para o seguimento da programación e a evolución da propia práctica docente empregaranse os seguintes instrumentos:

Realízase un seguimento mensual da programación, co fin de efectuar os axustes oportunos para que poda ser impartida toda a materia programada.

No caso de que fose preciso adoptaranse as medidas correctoras necesarias según o grao de cumprimento ou as desviacións producidas.

Os resultados serán expostos nas reunións mensuais do Equipo Docente que serán convocadas a tal fin e se terán en conta de cara á elaboración da programación do curso seguinte. Ao final do curso escolar realizarase a avaliación final desta programación didáctica para verificar o grao de cumprimento da mesma e xustificar posibles desviacións ou melloras de cara a vindeiros anos académicos. (apartado 10.2- Avaliación final do módulo)

8. Medidas de atención á diversidade

8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

Ao principio de curso, unha vez cerrado o prazo de matrícula o equipo docente que imparta clases neste ciclo, realizará unha sesión de avaliación inicial do alumnado, que terá por obxecto coñecer as características e a formación previa de cada alumna/o, así como as súas capacidades. Así mesmo, deberá servir para orientar e situar o alumnado en relación co perfil profesional correspondente.

Na sesión de avaliación inicial, o profesor ou a profesora que se encargou da titoría do curso anterior, coma os profesores que impartiron os módulos de primeiro, darán a información dispoñible sobre as características xerais do grupo ou sobre as circunstancias especificamente académicas ou persoais, con incidencia educativa dos alumnos e alumnas que o compoñen.

Esta información poderá proceder entre outras:

- Dos informes individualizados de avaliación da etapa anteriormente cursada, de ser o caso.
- Dos estudos académicos ou das ensinanzas de formación profesional previamente realizadas.
- Dos informes ou ditames específicos do alumnado con distintas capacidades, diversidade funcional ou con necesidades educativas especiais .
- Experiencia profesional previa.
- Matrícula condicional de alumnado estranxeiro.
- Alumnado con validacións/exencións.

OS INDICADORES A SEGUIR PARA DETETAR Á DIVERSIDADE SERAN:

1-Alumnado con necesidades educativas especiais.

Entendendo por alumnado que presenta necesidades educativas especiais, aquel que requira, por un período da súa escolarización ou ao longo de toda ela, determinados apoios e atencións educativas específicas derivadas de discapacidade ou trastornos graves de conduta.

2-Alumnado con dificultades específicas de aprendizaxe.

Considérandose que unha alumna ou un alumno presenta dificultades específicas de aprendizaxe cando o seu rendemento en relación á adquisición e uso dunha ou varias das capacidades de comprensión e expresión oral, lectura, escritura, razoamento e cálculo matemático é significativamente discrepante co seu potencial de aprendizaxe.

3-Alumnado con altas capacidades intelectuais.

Considérandose que unha alumna ou un alumno presenta altas capacidades intelectuais cando manexa e relaciona, de maneira simultánea e eficaz, nun nivel sensiblemente superior á media, recursos cognitivos verbais, numéricos, lóxicos, memorísticos, espaciais e creativos. Considérase talentoso o alumnado que destaca especialmente e de maneira excepcional no manexo dun ou varios destes recursos.

4-Alumnado de incorporación tardía (procedente do estranxeiro).

A chegada de poboación de orixe estranxeira á nosa Comunidade Autónoma, así como o retorno de emigrantes galegos e das súas familias, está a incidir notablemente na evolución da diversidade na nosa poboación escolar, de xeito que proporcionar unha resposta educativa a este alumnado convértese nunha liña prioritaria de actuación.

5-Alumnado con necesidades específicas de apoio educativo por condicións persoais ou de historia escolar

Un alumno ou alumna pode presentar necesidade específica de apoio educativo derivada de condicións persoais ou de historia escolar cando manifesta dificultades na evolución das súas aprendizaxes e na adquisición de obxectivos e competencias por motivos de saúde, por pertenza a determinados grupos sociais ou minorías étnicas, por situacións socioculturais desfavorables, por escolarización desaxustada ou pola combinación de varios dos motivos mencionados.

ACTIVIDADE PARA DETECCIÓN DAS NECESIDADES DE CAPACITACIÓN.

O primeiro día de curso realizábase un exercicio de capacidade e resolución gráfica cronometrada, realizábase co programa Autocad e consistira no deseño dun crebacabezas "tangram" co que terán que realizar distintas operacións para combinar as pezas(bloques) e conseguir a resolución de nove figuras xeométricas de diversa dificultade, onde demostraran a súa capacidade de manexo das ordes básicas de Autocad , así coma a súa capacidade de análise e capacidades como a habilidade, memoria, imaxinación e concentración.

8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

No caso de detectar dentro do grupo alumnado con algunha necesidade específica de apoio educativo, solicitaranse medidas e accións a adoptar a nivel de centro e tomaranse medidas e accións a adoptar polo profesor a nivel de aula:

MEDIDAS E ACCIÓNS A ADOPTAR A NIVEL DE CENTRO:

Respecto ao alumnado con necesidades educativas especiais do tipo (1) Alumnado con necesidades educativas especiais (diversidade funcional motora, discapacidade auditiva ou con trastornos no comportamento adaptativo), solicitarase o apoio e intervención do Equipo de Orientación do centro e de ser necesario o dos Equipos de Orientación Específica de ámbito provincial (EOE), ou da Confederación Galega de Persoas Con Discapacidade (COGAMI), e demandarase a adopción de medidas e accións que teñan como finalidade adecuar a resposta educativa ás diferentes características e necesidades físicas e de situacións sociais e culturais de dito alumnado.

MEDIDAS E ACCIÓNS A ADOPTAR POLO PROFESOR A NIVEL DE AULA:

Ao comezo das actividades do curso académico farase unha avaliación inicial e un seguimento personalizado do alumnado por parte do profesor.

Respecto ao alumnado que presente algún indicador de detección de diversidade, adaptarase a metodoloxía, os recursos e os instrumentos de avaliación, nunca as capacidades nin os contidos. Dentro da aula adoptaranse medidas e accións que teñan como finalidade adecuar a resposta educativa aos diferentes ritmos e estilos de aprendizaxe, motivacións e de intereses de dito alumnado, coma poden ser:

- Elaboración de actividades de reforzo sobre algúns contidos nos que se detecten deficiencias.
- Proposta de exercicios complementarios con priorización dos contidos procedimentais fronte aos conceptuais.
- Formulación de actividades con dificultade gradual adaptando as temporizacións das tarefas en función das distintas capacidades.



- Utilización das Tecnoloxías da Comunicación e Información (TICs).
- Traballos en equipo (parellas ou grupos) para a maior implicación e apoio dos compañeiros.

9. Aspectos transversais

9.a) Programación da educación en valores

O modulo de DESENVOLVEMENTO DE PROXECTOS URBANÍSTICOS prestase para incluír nas unidades de traballo didácticas diversos temas transversais :

Educación para a convivencia, participacións e igualdade.

Educación ambiental

Educación para a saúde.

Potenciarase o traballo en equipo, fomentando a discusión e a capacidade para chegar a acordos, respectando as opinións dos demais. Os grupos serán heteroxéneos, fomentando a relación e integración entre todos os compañeiros do modulo, actitude básica no traballo na empresa

Nas actividades tocaranse os temas de educación ambiental que establezan unha adecuada funcionalidade paisaxística, ambiental e de mobilidade. Valoraranse as propostas orientadas a preservar os limitados recursos enerxéticos e reducir as emisións contaminantes. Tamén se valorara a necesidade de usar materiais procedentes da reciclaxe e rexeitar os que non sexan sostibles.

Nas actividades de instalación urbanas tocaranse temas transversais como:

- Educación ambiental (contaminación de ríos e mares)
- Educación para a saúde.(contaminación de mananciais e auga subterráneas)
- Concienciación no aforro de auga
- Aproveitamento da auga da choiva para instalación de rega
- Aforro enerxético
- Enerxías renovables
- Contaminación luminica

Nas actividades de deseño e planificación de vias e espazos públicos, tocaranse os temas de :

- Supresión de barreiras arquitectónicas
- Integración das persoas maiores (parques de maiores)
- Fomento do transporte público e instalación de carrís bici.

9.b) Actividades complementarias e extraescolares

Serán programadas e coordinadas desde o Departamento de Edificación e Obra Civil.

As propostas promovidas por o profesor de este módulo irán dirixidas a actividades tales como:

- Visitas ao lugar onde se desenvolvera o plan urbanístico e o proxecto de urbanización ao longo do curso.
- Asistencia a exposicións, charlas, coloquios e conferencias que se leven a cabo no centro ou na cidade e que teñan relación directa ou indirecta cos temas tratados no módulo.
- Visita a urbanizacións de recente construción e as obras de urbanización que se están executar na cidade.
- Actividades no entorno do instituto relacionadas coa accesibilidade e a mobilidade. (gincana en cadeira de rodas).
- Visita as depuradoras (EDAR) e potabilizadoras (ETAP) da contorna (Santiago ou outras de vilas próximas Teo Arzúa) que, polas súas dimensións, resultan mellores de entender para o alumnado.

10. Outros apartados

10.1) 10.1) Avaliación inicial do módulo

Ao ser este un módulo do segundo curso, realizaranse xuntanzas de avaliación inicial, co profesor ou a profesora que se encargou da titoría do curso anterior, coma cos profesores que impartiron os módulos de primeiro, que facilitaran a información dispoñible sobre as características xerais do grupo ou sobre as circunstancias especificamente académicas ou persoais, con incidencia educativa, de cantos alumnos e alumnas o compoñan.

Esta información poderá proceder, entre outras:

- Dos informes individualizados de avaliación da etapa anteriormente cursada.
- Dos estudos académicos previamente realizados.
- Dos informes ou ditames específicos do alumnado con distintas capacidades, diversidade funcional ou con necesidades educativas especiais que poida haber no grupo.
- Da experiencia profesional previa.

O primeiro día do curso realizácese unha proba de capacidade e resolución gráfica realizada co programa Autocad.

Ao comezo das Unidades Formativas, realizácese unha avaliación inicial a cal resultará útil para detectar as ideas previas que o alumnado posúe en relación co tema que se vai a tratar. Igualmente, poñeranse de manifesto as actitudes cara á temática -no seu caso- e o maior ou menor dominio dos procedementos que van ser necesarios para o seu desenvolvemento.

Os medios para conseguir estes datos serán variados: un coloquio, un debate, ou a realización de traballos preparatorios. A partir da información conseguida, adaptarase convenientemente o principio da unidade didáctica programada.

10.2) Avaliación final do módulo

A avaliación final do módulo ten como misión valorar tanto as aprendizaxes dos alumnos como a labor docente e a súa adecuación ao proceso de ensinanza. Utilizando como instrumento a enquisa fin de curso, a autoavaliación e o debate. Realizarase unha análise sobre os seguintes indicadores:

- A planificación do proceso de ensinanza- aprendizaxe
- A secuenciación dos contidos,
- A metodoloxía aplicada
- Os recursos empregados.
- A actuación persoal do profesor e a interacción cos alumnos.
- O ambiente na aula para facilitar o proceso.

Estes resultados servirán ó profesor para decidir qué aspectos da programación poden mellorar, perseguindo unha maior competencia docente e formación técnica, que será o principal estímulo para manter viva a súa ilusión polo estudo e o traballo ben feito

Ao final do curso farase unha pequena enquisa para coñecer cales son as conclusións e opinións de cada alumno con respecto aos contidos, actividades e docencia do modulo cursado, para poder mellorar e emendar erros en vindeiros cursos.

ENQUISA FIN DE CURSO ([1]: nada, [2]: pouco, [3]: bastante; [4]: moito)

- 1- O módulo pareceche interesante?. []
- 2- Os contidos aprendidos son útiles para o teu futuro (traballo, estudos.)?. []
- 3- O desenvolvemento do módulo axustouse á programación establecida?. []
- 4- A planificación proceso de ensinanza- aprendizaxe do módulo foi axeitada?. []
- 5- Os contidos do módulo foron asumibles en canto ao nivel de dificultade?. []
- 6- A secuenciación dos contidos do módulo estiveron ben repartidos ao longo do curso?. []
- 7- As actividades de clase foron construtivas e entretidas?. []
- 8- As actividades fora da clase foron útiles para aprender mellor os contidos?. []

- 9- Os recursos informáticos empregados na aula (software, hardware,¿) foron axeitados?. []
- 10- A documentación aportada(normativas, catálogos, documentais, páxinas Web,..) foi adecuada?. []
- 11- O ambiente do grupo na aula para facilitar o proceso de aprendizaxe foi agradable?. []
- 12- A actuación persoal do profesor e a interacción cos alumnos foi adecuada?. []
- 13- O profesor foi capaz de transmitir e explicar adecuadamente os contidos?. []
- 14- En xeral, estás satisfeita/o ca docencia levada a cabo neste modulo?. []
- 15- Consideras que o teu esforzo e actitude para acadar o aprobado foi suficientemente?. []
- 16- A cualificación final acadada, correspóndese co nivel de coñecementos adquiridos?. []

10.3) PUBLICIDADE DA PROGRAMACIÓN

Esta programación estará a disposición da comunidade educativa a través da intranet e da páxina web do centro.

1. Identificación da programación
Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15027058	As Fontiñas	Santiago de Compostela	2023/2024

Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
EOC	Edificación e obra civil	CSEOC02	Proxectos de obra civil	Ciclos formativos de grao superior	Réxime xeral-ordinario

Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP0773	Desenvolvemento de proxectos de obras lineais	2023/2024	6	105	126

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	RAMÓN CASTROAGUDÍN MELÓN
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión inspector

2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

Este módulo profesional contén a formación necesaria para desempeñar a función de desenvolvemento de proxectos de obras lineais aplicada aos procesos de obra civil.

O desenvolvemento de proxectos de obras lineais asociado á función de deseño abrangue aspectos como:

- Organización do desenvolvemento proxectos de obras lineais.
- Análise de alternativas de trazado mediante o emprego da normativa e a documentación técnica adecuada.
- Elaboración da documentación escrita e gráfica para o desenvolvemento de proxectos de obras lineais.
- Xestión documental de todo o proceso do proxecto.

As actividades profesionais asociadas a esta función aplícanse no desenvolvemento e na representación de proxectos de obras lineais.

3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)
1	Organización do desenvolvemento de proxectos de obra lineal.	Estrutura dun proxecto de obra lineal.	21	17
2	Elaboración de propostas e alternativas de trazado.	Xustificación da traza da obra lineal.	21	17
3	Elaboración da documentación escrita dun proxecto de obra lineal.	Memoria descritiva e anexos.	21	17
4	Elaboración da documentación gráfica dun proxecto de obra lineal.	Planos de información, execución e detalle.	57	45
5	Xestión documental de proxectos.	Sistema de arquivo e reprodución da documen-tación do proxecto.	6	4

4. Por cada unidade didáctica

4.1.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
1	Organización do desenvolvemento de proxectos de obra lineal.	21

4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Organiza o desenvolvemento de proxectos de obras lineais, planificando as actividades e compilando a información necesaria.	SI

4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Determináronse os datos previos referentes ás condicións técnicas, legais e económicas do proxecto que cumpra desenvolver.
CA1.2 Identificouse a zona xeográfica e o emprazamento da obra lineal.
CA1.3 Compiláronse os datos topográficos do terreo.
CA1.4 Confeccionáronse os planos de situación de obra e de emprazamento.
CA1.5 Relacionáronse os datos hidrolóxicos da zona co terreo obxecto de actuación.
CA1.6 Seleccionáronse os datos xeolóxicos referidos á zona en cuestión.
CA1.7 Seleccionáronse os datos sobre as campañas de recoñecemento do terreo.
CA1.8 Realizouse a toma de datos completa para poder abordar a execución do proxecto.
CA1.9 Establecéronse os plans de traballo e os recursos necesarios adecuándose aos prazos establecidos.

4.1.e) Contidos

Contidos
Proxectos de obras lineais. Grao de definición das partes do proxecto. Procura de información: canles de obtención. Orde e secuencia do desenvolvemento dos proxectos de obras lineais.
Estrutura dun proxecto de obras lineais: tipos de documentos.
Erros habituais asociados á discordancia de datos entre os documentos que compoñen o proxecto.

Contidos
Formatos e soporte de presentación de documentos de proxectos de obras lineais. Recursos. Fases do proxecto.

4.2.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
2	Elaboración de propostas e alternativas de trazado.	21

4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Elabora propostas ou alternativas de trazado, utilizando aplicacións informáticas específicas, e xustifica a solución adoptada.	SI

4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.1 Compilouse a lexislación e a normativa técnica aplicable de índole estatal, autonómica e local, para a elaboración e o desenvolvemento do proxecto.
CA2.2 Relacionáronse os parámetros de trazado coas variables para o deseño do proxecto.
CA2.3 Relacionouse o programa de necesidades no referente á planta do trazado, coas variables salientables para a avaliación de alternativas.
CA2.4 Aplicouse a normativa específica de velocidades e a adecuación á visibilidade nas propostas elaboradas.
CA2.5 Determináronse as dotacións necesarias de instalacións, de equipamento e de seguridade.
CA2.6 Valoráronse factores climáticos, ecolóxicos, ambientais e de aproveitamento de recursos tales como precipitacións, áreas afectadas e colocación de posibles canteiras de explotación, etc.
CA2.7 Establecéronse as condicións de calidade e os prazos requiridos para o desenvolvemento do proxecto.

4.2.e) Contidos

Contidos
Leis, regulamentos e normativa aplicable.
Procura e análise da información e da documentación necesaria. Identificación de usos, infraestruturas ou vexetación existentes.
Identificación de necesidades. Estudo e valoración de alternativas.
Xustificación da traza da obra lineal, colocación das obras de paso, drenaxes e movemento de terras.
Documentación do proxecto: memoria descritiva e xustificativa.
Aplicacións ofimáticas en proxectos de urbanización.

4.3.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
3	Elaboración da documentación escrita dun proxecto de obra lineal.	21

4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Redacta a documentación escrita de proxectos de obras lineais, elaborando memorias, anexos, medicións, orzamentos, pregos de condicións e demais estudos requiridos.	SI

4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA3.1 Elaborouse a memoria na que xustifique a solución adoptada e se describan as características construtivas da obra lineal.
CA3.2 Especificouse na memoria a composición do trazado, por aliñamentos e pendentes, o estado de movementos de terras necesario e o estudo de drenaxes da obra, e determináronse as obras de paso transversais.
CA3.3 Elaborouse o documento de control de calidade especificando os ensaios preceptivos.
CA3.4 Confeccionouse a documentación escrita do estudo ou plan de seguridade e saúde correspondente ao proxecto redactado que se pretenda executar.

Criterios de avaliación
CA3.5 Elaborouse o prego de condicións de índole técnica, legal, económica e facultativa.
CA3.6 Selecionouse a documentación técnica do proxecto para obter as unidades de obra que servirán de base para a confección do orzamento.
CA3.7 Medíronse as unidades de obra que compoñen cada capítulo, elixindo o procedemento de medición e as unidades adecuadas a cada unidade de obra.
CA3.8 Relacionouse a medición de unidades de obra co prezo correspondente.
CA3.9 Realizouse o orzamento total do proxecto desagregado por capítulos.

4.3.e) Contidos

Contidos
<p>Documentación do proxecto: memoria descritiva e xustificativa.</p> <p>Anexo de trazado. Aliñamentos en planta, rectos, curvos e en alzado. Rasantes e pendentes. Acordos verticais. Parámetros.</p> <p>Anexo de movemento de terras. Cotas vermellas. Perfís transversais. Liña de áreas. Liña de volumes. Canteiras de compensación. Distancia media de transporte.</p> <p>Anexo de drenaxes. Cuncas de achega: caudais de achega. Obras de drenaxe: lonxitudinal e transversal.</p> <p>Anexo de estruturas: estribos. Apoios intermedios. Taboleiro da ponte.</p> <p>Separacións e proteccións laterais.</p> <p>Anexo de sinalización: sinalización horizontal e vertical.</p> <p>Anexo de iluminación: iluminación das obras lineais; intensidade necesaria: luminarias e disposición destas; redes de alimentación.</p> <p>Aplicacións ofimáticas en proxectos de obra lineal.</p>

4.4.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
4	Elaboración da documentación gráfica dun proxecto de obra lineal.	57

4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA4 - Elabora a documentación gráfica de proxectos de obras lineais, debuxando planos mediante aplicacións informáticas específicas de trazado.	SI

4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA4.1 Representáronse todos os planos necesarios para definir un proxecto de obra lineal completo.
CA4.2 Elaboráronse os planos de información e ordenación correspondentes e detalles coa súa información característica.
CA4.3 Seleccionáronse os utensilios, os soportes, as escalas e os formatos máis adecuados para a realización dos planos e esquemas.
CA4.4 Debuxáronse os planos segundo a normativa, coa claridade, a limpeza e a precisión requiridas.
CA4.5 Avaliáronse as características do terreo para axustar o trazado das instalacións e os servizos.
CA4.6 Utilizouse a simboloxía normalizada na elaboración dos planos.
CA4.7 Ordenáronse os planos do proxecto agrupados convenientemente.
CA4.8 Confeccionouse a documentación gráfica do estudo ou do plan de seguridade e saúde correspondente ao proxecto redactado que se pretenda executar.

4.4.e) Contidos

Contidos
Planos de información: plano de situación e topográfico. Servidumes existentes. Estado actual. Usos, vexetación e infraestruturas existentes. Estrutura de propiedade.
Planos de execución. Trazado en planta e en alzado. Perfil lonxitudinal e descrición da obra. Rede viaria, tráfico e aparcamentos. Aliñamentos e rasantes. Liñas de áreas e de volumes. Distancia media de transporte. Cuncas de achega de caudais. Drenaxes lonxitudinais. Estruturas para obras de paso. Separacións e proteccións. Sinalización horizontal e vertical. Iluminación do trazado. Rede de distribución de enerxía eléctrica.
Planos de detalle: escalas e formatos. Detalles construtivos. Rotulación e cota de detalles.
Programas informáticos para a elaboración de planos detalle.

4.5.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
5	Xestión documental de proxectos.	6

4.5.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA5 - Xestiona a documentación de proxectos de obras lineais, reproducindo, arquivando e preparando para a súa distribución memorias, planos, pregos de condicións, orzamentos e demais estudos requiridos.	SI

4.5.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA5.1 Seleccionouse o formato e o soporte axeitados para a súa reprodución.
CA5.2 Ordenáronse convenientemente os documentos do proxecto, empregando un sistema de codificación axeitado.
CA5.3 Comprobose que o proxecto dispoña de todos os cartafoles requiridos e a documentación completa.
CA5.4 Reproduciuse e dispúxose en cartafoles correctamente.
CA5.5 Preparouse unha copia fiel do proxecto disposto en cartafoles en soporte dixital.
CA5.6 Utilizouse un sistema de xestión documental.
CA5.7 Valorouse o modo de presentación do proxecto á clientela.
CA5.8 Establecéronse criterios de seguridade e protección dos documentos xerados.

4.5.e) Contidos

Contidos
Orde e codificación. Sistema de arquivo.

Contidos

Reproducción da documentación gráfica e escrita de proxectos.

Disposición en cartafoles.

Formatos dixitais de almacenamento na documentación de proxectos.

5. Mínimos exigibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

Unidade didáctica 1: Organización do desenvolvemento de proxectos de obra lineal.

Mínimos esixibles para acadar a avaliación positiva:

Informe sobre os datos necesarios de partida para a elaboración do proxecto de obra lineal.

Planos de información do proxecto de obra lineal.

Plano topográfico elaborado.

Estudios de estradas. Estrutura dun proxecto de obras lineais: Tipos de documentos.

Criterios de cualificación:

CA1.1 - Determináronse os datos previos referentes ás condicións técnicas, legais e económicas do proxecto que cumpra desenvolver.

CA1.2 - Identifícase a zona xeográfica e o emprazamento da obra lineal.

CA1.3 - Compiláronse os datos topográficos do terreo.

CA1.4 - Confeccionáronse os planos de situación de obra e de emprazamento.

CA1.8 - Realizouse a toma de datos completa para poder abordar a execución do proxecto.

CA1.9 - Establecéronse os plans de traballo e os recursos necesarios adecuándose aos prazos establecidos.

Unidade didáctica 2: Elaboración de propostas e alternativas de trazado.

Mínimos esixibles para acadar a avaliación positiva:

Definición do trazado en planta. Definición da rasante. Perfís lonxitudinais. Exercicios prácticos relacionados.

Definición da sección transversal. Avaliación do movemento de terras e cubicación. Exercicios prácticos relacionados.

Deseño das interseccións.

Criterios de cualificación:

CA2.2 - Relacionáronse os parámetros de trazado coas variables para o deseño do proxecto.

CA2.3 - Relacionouse o programa de necesidades no referente á planta do trazado, coas variables salientables para a avaliación de alternativas.

CA2.4 - Aplícase a normativa específica de velocidades e a adecuación á visibilidade nas propostas elaboradas.

CA2.5 - Determináronse as dotacións necesarias de instalacións, de equipamento e de seguridade.

CA2.7 - Establecéronse as condicións de calidade e os prazos requiridos para o desenvolvemento do proxecto.

Unidade didáctica 3: Redacción da documentación escrita dun proxecto de obra lineal.

Mínimos esixibles para acadar a avaliación positiva:

Anexos á Memoria. Anexo de trazado.

Contido do Orzamento da obra.

Orzamento de firmes e pavimentos. Cuadro de medicións.

Orzamento de firmes e pavimentos. Detalle.

Criterios de cualificación:

CA3.2 - Especificouse na memoria a composición do trazado, por aliñamentos e pendentes, o estado de movementos de terras necesario e o estudo de drenaxes da obra, e determináronse as obras de paso transversais.

CA3.6 - Selecionouse a documentación técnica do proxecto para obter as unidades de obra que servirán de base para a confección do orzamento.

CA3.7 - Medíronse as unidades de obra que compoñen cada capítulo, elixindo o procedemento de medición e as unidades adecuadas a cada unidade de obra.

CA3.8 - Relacionouse a medición de unidades de obra co prezo correspondente.

CA3.9 - Realizouse o orzamento total do proxecto desagregado por capítulos.

Unidade didáctica 4: Elaboración da documentación gráfica dun proxecto de obra lineal.

Mínimos esixibles para acadar a avaliación positiva:

Planos de información, execución e de detalle do proxecto.

Os planos do proxecto utilizando os formatos, escalas, tipos de liña e rotulación normalizadas.

Planos do proxecto de obra lineal elaborado.

Planos de representación das obras de drenaxe.

Utilizar a simboloxía normalizada na elaboración dos planos do proxecto segundo a información que representan.

Cadro de rotulación dos planos do proxecto.

Criterios de cualificación:

CA4.1 - Representáronse todos os planos necesarios para definir un proxecto de obra lineal completo.

CA4.2 - Elaboráronse os planos de información e ordenación correspondentes e detalles coa súa información característica.

CA4.3 - Selecionáronse os utensilios, os soportes, as escalas e os formatos máis adecuados para a realización dos planos e esquemas.

CA4.4 - Debuxáronse os planos segundo a normativa, coa claridade, a limpeza e a precisión requiridas.



CA4.5 - Avaliáronse as características do terreo para axustar o trazado das instalacións e os servizos.

CA4.6 - Utilizouse a simboloxía normalizada na elaboración dos planos.

CA4.7 - Ordenáronse os planos do proxecto agrupados convenientemente.

Unidade didáctica 5: Xestión documental de proxectos.

Mínimos esixibles para acadar a avaliación positiva:

Planos do proxecto de obra lineal.

Documentación gráfica e escrita do proxecto e a súa disposición en cartafoles.

Arquivos en formato dixital da documentación gráfica e escrita do proxecto e a súa disposición en cartafoles.

Sistema de arquivo en formato dixital para a ordenación dos documentos do proxecto.

Criterios de cualificación:

CA5.1 - Seleccionouse o formato e o soporte axeitados para a súa reprodución.

CA5.2 - Ordenáronse convenientemente os documentos do proxecto, empregando un sistema de codificación axeitado.

CA5.3 - Comprobase que o proxecto dispoña de todos os cartafoles requiridos e a documentación completa.

CA5.4 - Reproduciuse e dispúxose en cartafoles correctamente.

CA5.5 - Preparouse unha copia fiel do proxecto disposto en cartafoles en soporte dixital.

CA5.6 - Utilizouse un sistema de xestión documental.

CA5.7 - Valorouse o modo de presentación do proxecto á clientela.

CA5.8 - Establecéronse criterios de seguridade e protección dos documentos xerados.

O módulo terá dúas avaliacións parciais. Para a obtención da nota de avaliación teranse en conta:

-As actividades programadas nas unidades didácticas desenvolvidas nese período.

-Superar unha proba de carácter teórico práctica, por cada avaliación parcial, sobre os contidos das unidades didáctica desenvolvidas nese período.

Para acadar a nota mínima de aprobado, o alumno terá que ter superadas as actividades e a proba teórico práctica en cada avaliación de acordo cos mínimos esixibles e os criterios de cualificación.

As actividades teñen carácter individual e deberán facerse na aula.

As probas terán dúas partes unha teórica e outra práctica:

-A primeira parte da proba versará sobre unha mostra suficientemente significativa dos contidos, das unidades didácticas, desenvolvidos en cada período.

-A segunda parte da proba consistirá no desenvolvemento de varios supostos prácticos que versarán sobre unha mostra suficientemente significativa dos contidos e actividades, das unidades didácticas desenvolvidas en cada período.

-Ao inicio da sesión repartiranse as follas co contido da proba. Nesas mesmas follas deberase responder ás preguntas formuladas.

-Tamén se achegará o material necesario para resolver os exercicios prácticos: ordenador e os programas informáticos relacionados.

-O alumnado deberán traer bolígrafo de tinta azul ou negra, calculadora e instrumentos básicos de debuxo: lapis, goma de borrar, escuadra, cartabón, regra graduada, compás e transportador de ángulos.

6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

O alumnado que non poida acceder á FCT no período ordinario por ter o módulo pendente, poderá recuperar as partes non superadas neste período.

O procedemento de recuperación permitirá evidenciar, baseándose nos mínimos esixibles e os criterios de cualificación expresados no apartado anterior, que o alumnado acadou os resultados de aprendizaxe establecidos para o módulo.

O procedemento para a recuperación terá dúas partes:

- Elaborar ou completar as actividades programadas nas unidades didácticas, anteriormente non superadas.
- Superar unha proba de carácter teórico práctica sobre os contidos e actividades das unidades didáctica, anteriormente non superadas.

6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

O alumnado deberán superar unha proba de carácter teórico práctico sobre os contidos e actividades das unidades didácticas do curso que permitirá evidenciar, baseándose nos mínimos esixibles e os criterios de cualificación expresados no apartado 5, que o alumnado acadou os resultados de aprendizaxe establecidos para o módulo.

A proba terán dúas partes, unha teórica e outra práctica:

- A primeira parte da proba versará sobre unha mostra suficientemente significativa dos contidos das unidades didácticas programadas.
- A segunda parte da proba consistirá no desenvolvemento de varios supostos prácticos que versarán sobre unha mostra suficientemente significativa dos contidos e actividades, das unidades didácticas desenvolvidas programadas.
- Ao inicio da sesión repartiranse as follas co contido da proba. Nesas mesmas follas deberase responder ás preguntas formuladas.
- Tamén se achegará o material necesario para resolver os exercicios prácticos: ordenador e os programas informáticos relacionados.
- O alumnado deberán traer bolígrafo de tinta azul ou negra, calculadora e instrumentos básicos de debuxo: lapis, goma de borrar, escuadra, cartabón, regra graduada, compás e transportador de ángulos.

A proba de avaliación extraordinaria previa á avaliación final de módulos farase no mes de Xuño, en horario de clase e na aula asignada para o módulo.

Por solicitude do alumnado afectado, a proba poderá realizarse na data que permita consignar a cualificación na sesión de avaliación parcial previa á realización da FCT, de conformidade co disposto na RESOLUCIÓN do 6 de xullo de 2023, da Dirección Xeral de Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento dos ciclos formativos de formación profesional do sistema educativo no curso 2023/24.

7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

A análise e corrección das actividades dos alumnos farase logo do seu remate nas sucesivas fases do mesmo para informarles, nas seguintes sesións, dos resultados e da posibilidade de mellorar e de facerles ver que os seus traballos son analizados e valorados polo profesor. Do resultado desta valoración tomaranse as decisións axeitadas para o mellor aproveitamento das clases polos alumnos que poderá ser un axuste pedagóxico, no seu caso, ou a continuación coa programación deseñada.

8. Medidas de atención á diversidade

8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

Elaboración das fichas do alumnado na que se recollen datos persoais, académicos e observacións que poidan afectar ó seguimento e desenvolvemento das actividades do curso por parte do alumnado.

8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

Do resultado da valoración das actividades realizadas tomaranse as decisións axeitadas para o mellor aproveitamento das clases polos alumnos que poderá ser a elaboración de actividades de reforzo sobre algúns contidos, o no seu caso, ou a continuación coa programación deseñada.

9. Aspectos transversais

9.a) Programación da educación en valores

Exercer os dereitos e cumprir as obrigas derivadas da súa actividade profesional, de acordo co establecido na lexislación, participando activamente na vida económica, social e cultural. Ética profesional.
Cumprimento dos horarios, datas de entrega dos traballos, normas de convivencia do centro.

9.b) Actividades complementarias e extraescolares

Non se realizarán actividades complementarias ou extraescolares para este módulo.



10. Outros apartados

10.1) Reforzo educativo

A partir dos informes individualizados elaborados á finalización do curso 2019/2020 e da avaliación inicial, reforzaranse os elementos curriculares esenciais e as competencias e aprendizaxes imprescindibles do curso anterior, mediante actividades de reforzo, segundo as necesidades individuais do alumnado derivadas dos resultados da avaliación inicial, co fin de garantir a continuidade do proceso de ensinanza-aprendizaxe.

1. Identificación da programación
Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15027058	As Fontiñas	Santiago de Compostela	2023/2024

Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
EOC	Edificación e obra civil	CSEOC02	Proxectos de obra civil	Ciclos formativos de grao superior	Réxime xeral-ordinario

Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP0775	Formación e orientación laboral	2023/2024	4	107	128
MP0775_12	Prevención de riscos laborais	2023/2024	4	45	54
MP0775_22	Equipos de traballo, dereito do traballo e da seguridade social, e procura de emprego	2023/2024	4	62	74

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	NEMESIO PIÑEIRO SOLIÑO
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión inspector

2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

